



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: mjsp/ Acta Pleno/AX/SX/nº 02-17 de 02/02/2017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 02/2017 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío.

Data: 02.02. 2017.

Hora de convocatoria: 20:00 h.

Hora de comezo: 20:00 h.

Hora de remate: 22:00 h.

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. José Manuel Chamorro González
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez

- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araújo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

- Dna. Beatriz Isla Carballo. Interventora (Sen dereito a voto)

SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20:00 horas do 2 de febreiro de 2017, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Expediente 212/2017. Modificación orzamentaria nº 3/17.
2. Expediente 211/2017. Elevación porcentaxes Pleno art. 174.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

3. Expediente 387/2016. Proposta de aprobación do Convenio de colaboración para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano de Vigo.
4. Fiscalización e control dos Órganos de Goberno:
 - a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía – Tomo I – 2017, mes de xaneiro.
 - b. Modificación de atribución de competencias da Xunta de Goberno Local.
 - c. Modificación delegación de áreas de Goberno.
 - d. Información a remitir ao Pleno da Corporación de febreiro por parte do Departamento de Intervención.
5. Mocións.
 - a. Moción Mantemento centros de ensino.
 - b. Moción Participación cidadá no Plan Concellos 2017. Obras nas parroquias.
6. Rogos e preguntas.

1. Expediente 212/2017. Modificación orzamentaria nº 3/17.

Polo Sr. Presidente da Corporación, o Sr. Alcalde D. Juan Francisco Ferreira González dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 23.01.2017, que literalmente di:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: EXPEDIENTE 212/2017. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2017 NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.

Vista a insuficiencia de crédito na partida 4412.45000, para realizar á aprobación e pago do gasto necesario para a o cumprimento dos seguintes compromisos (gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte):

Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, cun orzamento para a anualidade 2017 de 27.902,00 euros.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

e vista a existencia de crédito na partida 011.91300, faise necesaria realizar unha transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto para poder imputar este gasto ao Orzamento do ano 2017.

Así, visto o expediente de referencia, e considerando que, segundo informe da Intervención de data 23 de xaneiro de 2017 o expediente cumpre o disposto nos artigos 179 a 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D.Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 40 a 42 do Real Decreto 500/90, así como o establecido nas Bases de Execución do vixente Orzamento,

PROPOÑO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 3/2017, coa modalidade de transferencia de créditos entre partidas de distinta área de gasto que non afectan a altas e baixas entre créditos de persoal, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en partidas de gastos

PROXECTO	DENOMINACIÓN	PARTIDA	IMPORTE
	Convenio Transporte Metropolitano de Vigo	4412.45000	27.902,00
TOTAL			27.902,00 €

Baixas en partidas de gastos

PROXECTO	DENOMINACIÓN	PARTIDA	IMPORTE
	Amortización préstamos	011.91300	27.902,00
TOTAL			27.902,00 €

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)


DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: ¿Intervencións sobre este punto? ¿ningunha? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Hola, moitas grazas, boas tardes a todas e a todos. Diríalle Alcalde como unha cuestión de orde se empezamos a falar deste punto, realmente este punto, e o seguinte e o seguinte, os tres puntos está interrelacionados. Eu se falo agora, falo dos tres, falo do derradeiro e logo votaremos os tres, se non ten inconveniente porque senón agora.....

Sr. Alcalde: Si, si, si, inconveniente ningún Sr. Guitián.

Sr. Guitián: Entón eu, aparte de falar da modificación orzamentaria, e da elevación de porcentaxes e da Proposta de aprobación do Convenio de colaboración para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano de Vigo. Se mo permite vou ser breve, quería facer un pouco de historia porque na súa proposta o punto 3 pois ten aquí uns antecedentes pero non está todo, entón eu voume lembrar así un pouquiño do que pasara no seu momento alá por marzo do 2015, o Goberno que estaba naquel entón trouxera exactamente unha convocatoria similar a esta, cunha modificación orzamentaria cunha elevación de porcentaxes que era unha cuestión meramente técnica de intervención e unha proposta para a integración do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia no Transporte Metropolitano de Vigo, que se integrase Gondomar. Daquela nos por suposto votamos a prol deso, estabamos en minoría, pero vostedes, o Goberno de hoxe en día, votou en contra e xa non chegamos a debater o punto 3 do transporte aínda que igual ca hoxe, que eu pedinlle a licenza de falar de todo á vez, pois tamén faláramos, unha escusa era que se na modificación orzamentaria saía o diñeiro de parte da modificación orzamentaria dedicada a emprego, que nos defendemos dicindo que o transporte metropolitano, unha vantaxe, unha subvención no transporte tamén favorecía dalgún xeito o emprego porque normalmente será para xente que está traballando, xente que está estudando, en definitiva para os veciños pero todos vostedes votaron en contra, como ese parecía que podía selo problema, o inconveniente para poder integrarnos no transporte metropolitano decidimos pedirlle a Deputación contra o Plan de Obras e Servizos daquel ano, o diñeiro que facía falta para o transporte metropolitano, eu daquela falara coa interventora do Concello, aquí presente creo lembrar, tamén falara para ver se iso era posible co interventor da Deputación e unha vez que me deron os seus parabéns, levárono a aprobar e aprobouse precisamente a incorporación dese diñeiro do Plan de Obras e Servizos para que o Concello de Gondomar puidera gastalo na parte que lle toca de subvención do transporte metropolitano. Volvermos a traelo aquí, igual que nesta convocatoria similar e volveron a votar en contra. Daquela a escusa foi que non se arranxaba o problema, que xa leva anos, da parada do Atsa en Mañufe que para no cruceiro en vez de vir a parar á estación de autobuses de Gondomar, daquela eu expliquei que non era un arranxo doado, que era moi complicado, daquela levábamnos tres alcaldes comigo mesmo que non dábamos arranxado ese problema e que estábamos tentando negociar ou negociando, pero que era de difícil solución, como saben vostedes a concesión da liña tena Melytour que vai por Víncios – Valadares e Atsa non ten esa concesión, Atsa ten outra concesión polo tanto non pode facer o transporte Vigo-Gondomar, ten que parar antes porque non ten a concesión. Tería que haber un acordo entre as compañías, que elas estiveron negociando igual que sei, que están



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

negociando vostedes, que aquí se dixo pero que era de difícil solución, de feito pasaron un alcalde, dous alcaldes, tres alcaldes e estamos no cuarto, que leva vostede dous anos, e segue sen arranxarse pero para min era importante e para o Goberno naquel momento era importante, efectivamente loitar por iso, houbo aquí un concelleiro que ata dixo; en quince días arránxao, tes forza, tes forza, es capaz de arránxalo en quince días e logo xa votamos a prol do transporte metropolitano, pois non pasaron dous anos e a partir de aí non entramos no transporte metropolitano e perdemos durante estes dous anos a subvención para tódolos veciños, para cada unha das viaxes de tódolos veciños que a fixeran, que tiveran a tarxeta de transporte metropolitano por aproximadamente a metade do custo de traer... e que son incapaz de falar se me están falando por aí, perdoa....Alcalde.

Sr. Alcalde: Perdón, pido silencio ao público, grazas, siga Sr. Guitián.

Sr. Guitián: Grazas Alcalde, e despois da aquela entón pasou o tempo e alá por setembro deste ano pasado do 2016, pasamos de marzo de 2015 a setembro do 2016 aparece na prensa que Vigo vaise integrar tamén no transporte metropolitano, de xeito que o que teña tarxeta de transporte metropolitano, estes son feitos, isto é algo cuantitativo, se queremos, o cidadán metropolitano que teña tarxeta de transporte metropolitano tamén terá desconto no Vitrasa, e non ten porque ser de Vigo, é dicir, o cidadán de Gondomar que teña tarxeta de transporte metropolitano, colle o transporte ata Vigo cun desconto e logo chega alí e colle o Vitrasa e tamén ten desconto, iso foi en setembro, naquel Pleno de setembro, se non me lembro mal eu pedínlle nun rogo que fora valente, recoñecera o erro daquel entón de marzo e apostara por, trouxera aquí e apostara por integrarnos no transporte metropolitano e ter as vantaxes que teñen todos estes veciños da área metropolitana ao respecto da redución do cobro de bonos no transporte ata Vigo e despois no Vitrasa. De momento Vigo aínda non entrou, esa é outra leria que non sei se ven a conto. Despois diso, entón vostede dixo e comprometeuse a traelo aquí e pedíume a min, ao noso grupo se éramos quen de votarlle a prol. Por suposto que lle dixemos que claro, se era unha proposta nosa daquela, cómo non famos a votarlle a prol, pero aínda así despois ven outra noticia mais, que é que os menores de 19 anos, se teñen a tarxeta de transporte metropolitano, terán o transporte gratis e a diferenza que a vai pagala Xunta e é aí entón cando espertou ¡carai! esta é unha vantaxe moi grande que están perdendo os rapaces neste caso, os rapaces, os veciños mais mozos do concello de Gondomar e ata hoxe, por fin hoxe ven, hoxe é un día alegre por unha banda e pola outra banda é triste, por unha banda parece que imos a aprobar a integración no transporte metropolitano pero por outra banda dá tristeza pensar que levamos dous anos de retraso, que levamos dous anos perdendo a subvención da Xunta de Galicia para isto. O tema de Mañufe segue sen estar arranxado e vostede de setembro aquí dicía que xa traio o Plan de transporte metropolitano, xa o traio, xa o traio, pero veu hoxe, primeiro que se iamos cambiala parada de Mañufe que se vai para a zona onde está o supermercado Froiz, que entón xa se pode, iso segue sen poderse, sen estar, agora está a inventar o transporte interparroquial, que nos parece moi ben, parécenos moi ben a este grupo, parécelle moi ben pero que se o paga a Xunta, agora parece que non é certo, estou convencido de que non o paga a Xunta porque non ten cartos para pagalo. Eu voulle dicir de onde sacalos, por certo, hoxe na miña intervención, iso supoño, que se hoxe o trae aquí, que estará estudado, saberá cómo custe, cómo frecuencia será e cómo veciños están en disposición de facer ese transporte interparroquial, que nos



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

parece moi ben, pero chegou hoxe. Tamén outra escusa era que non lle enviaban o Convenio desde a Xunta de Galicia e fíxese, hai un documento no expediente, os expedientes ás veces son bos e ás veces son malos, hai unha dilixencia aquí no expediente que di, voulo ler, do Xefe de Negociado de Secretaría, *"para facer constar, que con data 16.01.2017 nas dependencias de Alcaldía, o Alcalde faine entrega dos expedientes traspapelados ata este intre, abaixo relacionados que con data 01.02.2016 mediante ficha de pase foron entregados á Alcaldía"*, e son, entre eles está precisamente o Convenio do transporte metropolitano, ao final vai ao sitio, é dicir, un Alcalde non o deu arranxado, o do tema de Mañufe, pasou outro e tampouco, pasou outro e tampouco e está vostede e non o da arranxado, pero claro o normal, o lóxico, paréceme a min non é perder esta oportunidade de reduci-lo custo nas viaxes por parte dos veciños de Gondomar. Eu quería facerlle para seguir sendo breve dúas reflexións; a primeira é cómo votamos, cómo votamos, a pasada semana cando tivemos Pleno tamén suscitouse por riba este debate, cómo votamos, eu dicía, nos tentamos desde logo, poñemos toda a nosa forza en votar con responsabilidade, iso estou seguro que todos os que estamos aquí votamos con responsabilidade e votamos con coherencia pero logo tamén xurdiu o tema de se votamos con rancor ou con revanchismo, nos imos votar hoxe con coherencia e con responsabilidade loxicamente e por suposto sen revanchismo, sen rancor e sen nada diso. Fíxese vostede, unha das primeiras cousas que trouxo a este Plenario foi subilo soldo do Alcalde e pouco despois dos Concelleiros, cambiar aí uns concelleiros e tal, cando estaba o outro Goberno anterior tiñan un soldo o Alcalde, os Concelleiros e vostede empeñouse en reduci-lo, en cambio vostede empeñouse en subilo, tiñamos unha taxa de lixo, quitárona, votaron en contra daquela, cando nos a trouxéramos, e agora volven a traela taxa do lixo e votaron a prol, tiñamos un transporte metropolitano, unha proposta para integrarnos no transporte metropolitano, como estabamos en minoría, votaron en contra, tampouco saíu e agora ven, é de sabios recoñecelos erros, pero fíxese vostede, aquelas cousas que se fixeron daquela agora volven e se están a facer como queríamos nos facelas daquela, interesante, e para rematar o custo, o que nos supuxo a Gondomar perder dous anos de transporte metropolitano, imos a cuantificalo. Hoxe dinos que a modificación orzamentaria ven sendo duns 25.000 euros se non me lembro mal, en números redondos, para o ano que ven, 29.000, tal, sobre 28.000, a min, eu os números fágoos así en groso modo, 28.000 euros por dous, 56.000 euros, ese é o diñeiro que tiña que poñer o Concello de Gondomar para entrar no transporte metropolitano durante o ano 2015-2016, realmente era menos pero para facer un número, se a subvención do transporte metropolitano que lle corresponde a Gondomar é un 20% da subvención total e o 80% restante correspóndelle á Xunta de Galicia, 56.000 euros por catro da 224.000 euros, 224.000 euros de subvención que o Concello de Gondomar perdeu en subvención directa ao peto de cada un dos veciños de Gondomar que utiliza o transporte, subvención directa ao peto de cada un dos nosos veciños, 224.000 euros, iso representaría sumando os 224.000 euros, mais os 56.000 de subvención do Concello 280.000, mais ou menos a 0,85 que sería a subvención por cada viaxe, son 329.000 viaxes que daquela tamén era unha das propostas, ou unha das bases desa proposta que era potenciar precisamente o transporte público, pois 329.000 viaxes darían daquela. Ben, agora eu podería tirar de demagogia, que lles devolvan os 224.000 euros aos veciños ¿cómo? Tiramos de demagogia, devólvano vostedes, a min iso non me gusta, x corto ese rolo porque non me vai, a nos nolo fixeron tamén, pero a min iso non me vai, pero creo que sería interesante que o Concello ou o



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Goberno presidido por vostede pensara cómo devolverlle ese diñeiro aos veciños, os 224.000 euros, ¿quere montar o transporte interparroquial?, analíceo primeiro, estúdeo ben se iso ten demanda, aí ten cartos, pero desde logo ten unha maneira moi fácil de facer eses cartos, que non os ten ¡eh!, temos que sacar doutros sitios do Concello, que é subvencionar a maiores durante un período determinado de tempo o billete aos veciños, en vez de subvencionarlles un 20% do total, subvenciónelles un 40% por exemplo, en vez de dedicar 56.000 euros en dous anos ou 28.000 euros por ano dedique 56.000 e subvenciónelles outro 20% e devólvalles eses 224.000 euros aos veciños, eses 224.000 euros que se perderon nestes dous anos. En fin, xa lle dixen que nos íamos a votar con responsabilidade e con coherencia e xa lle dixen tamén daquela cando nos pediu o apoio explícito, cando eu lle pedín que trouxera isto aquí canto antes, tróuxoo hoxe, pediunos o apoio, loxicamente pídenos o apoio pero ademais temos coherencia e temos responsabilidade, noso voto vai ser loxicamente a prol nos tres puntos. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, Sr. Guitián, Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Boas tardes a todas e a todos, perdoen polo ton de voz, que estou un pouco afónico, un pouco arrefriado. Imos a ver Sr. Alcalde, é unha pena que un día, era o que dicía o Sr. Guitián, que era un día triste, para min é triste, case imos a ver tanto para vostede como para parte do seu Goberno, como eu mesmo fai uns dous anos mais ou menos veu este punto aquí, e votamos en contra, por suposto, para darlle unha solución a un problema grave que hai aquí desde hai anos, que é o problema de que o transporte non chega a Gondomar, que queda en Mañufe, parece tan ilóxico, eu sigo pensando que non debe ser tan difícil de solucionar pero empezo a ter as miñas dúbidas, dicía o Sr. Guitián que xa tres alcaldes non o solucionaron, agora con vostede catro, igual o pode solucionar, de momento non o solucionou, leva un ano e medio, a ver se non hai que esperar ao quinto, eu espero que o solucione o cuarto alcalde que non o solucione o quinto. Paréceme un tema que non sei se é fácil ou difícil de solucionar pero é ilóxico que o autobús que veña para Gondomar e que teña que deixar aos viandantes, ás persoas en Mañufe e que continúe ata Gondomar, pero iso creo que xa o debatemos noutro tempo, no seu día nos non votamos para facer, botámoslle un pulso naquel momento os que formamos oposición naquel momento, ao Goberno e á Xunta ao mesmo tempo para forzar a que lle deran unha solución a ese problema que é un grave problema e pódese dicir, quedan en Mañufe, pero un día como hoxe pois quedar en Mañufe e ter que vir camiñando ata Gondomar é que é ilóxico total e pois naquel momento si que votamos e un deles e non se lle deu solución ningunha, é unha pena que non se lle dera solución, non o sei, tería que analízalo mais, eu sigo dicindo, sigo pensando que non é tan complicado como o poñen, pero nos tamén iso, temos que votar con responsabilidade e non podemos someter aos veciños de Gondomar mais tempo a que, a privalos duns beneficios que ten o transporte metropolitano, naquel momento xa o dixemos nos, xa o dixen eu, que IXLG era o único representante que tiña naquel momento, estabamos de acordo totalmente, eu estaba de acordo totalmente co transporte metropolitano e sabemos as vantaxes que tiña, o que pasa é iso, foi votarlle un pulso naquel momento ao Goberno e á Xunta pero non se conseguiu nada e non podemos seguir privando aos veciños de Gondomar dese beneficio, polo tanto o noso grupo Iniciativa por Gondomar vai a...gustaríanos votar a prol como nos queremos pero non, non podemos facelo, temos que votar a prol deste punto, iso co noso grupo Iniciativa por Gondomar votará a prol deste



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

punto. Nun principio este punto non, neste caso estes tres puntos que van ligados entre si que todos pertencen ao mesmo fin. Nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, ¿intervencións? ¿ningunha mais? Pois, Sr. Guitián, en setembro é certo que vostede díxome que lle botara valentía a este tema e aquí está o antes posible, despois de pedirlo á Xunta varias veces e deles primeiro dicimos que había que facer un Convenio novo, non valía o anterior que había que facer un Convenio novo, un novo proceso e iso foi un dos erros de que estaba esperando a ese Convenio. De todas formas eu non vou a entrar neso de se o pediu cinco veces, seis, se había que pedir, o tema está aquí para a súa aprobación, tamén teño que dicirlle que non lle falta razón. Eu sabe que cando teño que recoñecer as cousas tamén as recoñezo, " a vostede non lle falta razón" pero tampouco ten que dar, tampouco nos pode dicir que as circunstancias son as mesmas, hai polo menos tres circunstancias desde que vostede trouxo isto aquí ata a data de hoxe que mudaron; unha delas é que Gondomar está dentro da Área Metropolitana, área metropolitana constituída legalmente ata que se diga o contrario, cunha nova Lei, polo tanto Gondomar forma parte dos concellos, dos 14 concellos que constitúen a Área Metropolitana de Vigo e cando se está dentro da área metropolitana estase con tódalas consecuencias, ou se está ou non se está e nos decidimos estar dentro da Área Metropolitana, Gondomar, tamén é certo que adoptamos os 14 concellos un Compromiso antes de aprobarse a Área Metropolitana de entrar todos no transporte metropolitano de feito hai agora esas liortas entre Vigo e a Xunta porque Vigo non está dentro ou non quere entrar cando dixo que tiña que estar pero iso tamén é un elemento a ter en conta, despois hai outro que tamén é fundamental para nos, que non é balado, que é que os cartos para afrontar ese convenio pois non saen da partida de Formación e Emprego, saen da Amortización de crédito, tamén é importante para nos e despois hai un dato que tamén é importante, que todo suma, que axuda a tomar decisións moitas veces en política que é a tarxeta Nova Xoven para os mozos e as mozas menores de 18 anos e que en Gondomar son 3000 teñen as viaxes gratuítas, 60 viaxes gratuítas ao mes, entón Gondomar non podía gozar dese servizo de gratuidade mentres non entrara no transporte, esas son tres cousas que hai que ter en conta, eu non digo que sexan tres elementos decisorios para que nos tomemos esta decisión, senón todo no seu conxunto, pero o que si é certo é que hoxe está aquí o transporte da Área Metropolitana para a súa aprobación se procede e iso é o que hai, eu só lle digo a vostedes, dígollo ao Sr. Gómez, eu non vou a entrar a redundar moito neste pero é certo que eu aínda teño a sorte de que levo de Alcalde ano e medio ¿non? no Goberno, entón aínda se me permite esa pequena marxe para solucionar este problema, aínda me quedan seis meses para os dous anos, porque hai Gobernos que estiveron dous anos, como o seu e tampouco fixeron nada, entón vostede moitas veces esquecese, entendo que se esqueza porque foi un Goberno compulsivo, unha cousa rara ¿non? pero estivo no Goberno dous anos, é algo, e tamén puideron solucionar este problema e non o fixeron. Eu levo ano e medio entón aínda teño esa pequena marxe de medio ano para solucionar o tema, pero mire, eu creo que si que hai que pasar páxina sen prexuízo de que cada quen faga o que teña que facer e non vou a entrar en mais reproches, eur só para ser, para rematar desde a humildade que eu creo que moitas veces, algunhas veces caracterízame teño que dicir que ao Sr. Guitián non lle falta razón e tamén agradézolle ao Partido Popular hoxe isto de coherencia, isto de hoxe aquí non ter dúbida para nada da aprobación do transporte porque era o que aquí sempre quixeron. Tomaremos nota de todos eses datos que vostede me da Sr. Guitián, que eu sabe ademais que lle fago



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

caso en practicamente algunhas cousas, tampouco en todo, ¿veo? Non vaia ser que ao final perda o 50 – 60% dos concelleiros, pero fágolle caso, e para o estudo do transporte interparroquial e doutras cousas tamén terei en conta o que vostede deixoume hoxe aquí claro e a ver se entre todos avanzamos. Se non hai mais intervencións ¿ Sr. Pauliño, antes non pediu a palabra ou é que non o mirei? Perdón ¿non a pediu? Pois procure cando sexa así pedir a palabra Sr. Pauliño porque isto é practicamente contestarlle ao voceiros e agora temos que abrir unha quenda nova de intervencións.

Sr. Pauliño: Creo que lle ía dala palabra ao Sr. Guitián ¿ non lle ía dala palabra ao Sr. Guitián?.

Sr. Alcalde: ¿Estamos preguntando ou estamos pedindo?.

Sr. Pauliño: Si, estoullo preguntando.

Sr. Alcalde: Xa llo direi eu despois ¿vostede pediu a palabra, non?.

Sr. Pauliño: Si, ¿dama?.

Sr. Alcalde: Veña, si lla agasallo.

Sr. Pauliño: Ben, en principio, non sei, non imos falar de favor, imos a falar porque temos dereito falar e evidentemente danos a impresión de que este Pleno desde Gondomar Concello Aberto, ten que ver coa solución do transporte de, para e de Gondomar. Este Pleno é un episodio mais dunha liorta que levan o Partido Popular e o PSOE pola hexemonía política na área de Vigo nesta liorta pois aquí estamos todos metidos no medio. Nos non imos a entrar nin nas informacións vertidas estes días nin nos cruces de acusacións, nin en todo o que se leva falado sobre o transporte metropolitano, o que é evidente é que este transporte, na nosa opinión, non soluciona o transporte de Gondomar, é o mesmo transporte, o mesmo Convenio que se trouxo no 2015, o presente Convenio é literalmente o mesmo que veu a este Pleno por dúas veces no ano 2015, por certo ano de eleccións, e que foi rexeitado ámbalas dúas veces, mesmo Convenio, punto por punto, coma por coma mesmo as mesmas cantidades que aparecen no Convenio 2015-2016, ¿qué é o que trocou? Na nosa opinión nada, non o sabemos se é un tema de cambio de postura, de oportunismo político ou de representantes que lexitimamente opinan unha cousa cando están na Oposición e outra cando están no Goberno. O que é evidente é que o transporte ademais de ser un elemento vertebrador dun territorio e que debería de servir, debería de servir para a mobilidade e accesibilidade dunha área, para que a veciñanza poda mellorar con este transporte público e que este transporte público convértase nunha alternativa competitiva e eficiente do transporte privado. Na nosa opinión, nada disto se consegue neste Convenio. Cando se tratou aquí o tema da Área Metropolitana nos advertimos aquí de dúas cuestións que non quedaban resoltas coa modificación da Lei e que ían a dar problemas, dixémolo aquí e están as actas para referendar iso, a primeira foi o Transporte Metropolitano da Xunta onde na redacción orixinal aparecía o transporte interurbano e o transporte urbano e na redacción actual só aparece transporte interurbano e o outro foi o tema da desaparición da Mancomunidade do Val Miñor, cousa que parece ser, como vimos no último Pleno, que era bastante evidente. Ben, aquí tráesenos polo Goberno, acaba de dicilo o representante do PP e insistiu en numerosos Plenos de que había que traer ao Pleno o Transporte Metropolitano da Xunta e a súa integración na mesma en Gondomar, é curioso, vendésenos como unha mellora no transporte de Gondomar unha



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

rebaixa no prezo para os usuarios e usuarias do servizo, unha rebaixa do prezo para os que o usan, para os que teñen a sorte de ter servizo de transporte porque esta é unha rebaixa parcial e evidentemente discriminatoria porque para que haxa unha rebaixa o primeiro que ten que haber é un servizo, é dicir, ten que haber liñas, horarios, recorridos e conexións pero parece ser que este transporte ¿vai acaso mellorar ou mellorou o transporte dos concellos alén da rebaixa no prezo para os usuarios daqueles concellos da nosa entorna que están adheridos desde hai dous anos? Témome que non, é curioso porque hai que facer un desconto para os que collan o transporte de Vigo a Gondomar ou de Gondomar a Vigo ¿correcto? E ¿é correcto iso, é correcto, é lexítimo? Pode ser lexítimo evidentemente pero ¿qué desconto teñen os veciños e as veciñas das parroquias para baixar á vila? ¡ah, é que non teñen transporte!, non teñen, non teñen polo tanto ningún desconto ¿qué desconto teñen os nosos fillos e fillas para unha liña á universidade? ¡ah, non a teñen, directa eh, non ir aquí, logo a Vigo, coller, etc., non a teñen ¿qué desconto teñen os veciños e veciñas, non sei, de Gondomar, de Peitieiros, de Morgadáns que levan tres meses sen servizo de autobús? Váiselle a reparar na liña que fala o representante do PP que quere co Goberno incrementar o 20% da subvención e nun 40% e ¿qué vai pasar con eses veciños e veciñas que durante tres meses estiveron sen liñas, pola reforma da rúa, imos a compensarlles dalgunha maneira? Evidentemente aquí o único que se trata, non é , e o único que se quere aprobar e vaise aprobar polo que parece non é unha mellora do transporte desde, para ou de Gondomar, é unha proposta feita pola Xunta do transporte interurbano que é competencialmente propietario diso, feita polo PP e que agora é asumida por este Goberno do PSOE-Manifesto Miñor no uso da súa lexítima forma de gobernar, que quede moi clarifo e que o único que se vai traer aquí é unha rebaixa no prezo dos usuarios que poden ter transporte pero tan lexítimo como atender aos que viaxan a Vigo e subvencionarlos tamén deberían de estar subvencionados con 90.000 euros para atender aos que viven nas parroquias e queren baixar á vila, ao mellor un señor de 65 anos que vive en Peitieiros e que non ten coche quere baixar á praza para comprar e non pode facelo porque non ten transporte, porque o transporte en Gondomar non está solucionado por ese tema e ao mellor este grupo presentará nos vindeiros Plenos para aprobarse que as mesmas cantidades que se lle dan aos que viaxan a Vigo, ao mellor tamén hai que darllos aos que desde as parroquias non poden viaxar entre as parroquias ou das parroquias ao centro da vila ou viceversa ¿ou non teñen tanto dereito como aqueles outros? e desde lenzo o que dixen antes, non teñen dereito con que Gondomar, ou o Concello, ou a administración municipal achegue 90.000 euros para subvencionar aos 117 mozos que están a cursar estudos universitarios na universidade de Vigo, que son de Gondomar, catrocentos e pico en todo o Val Miñor pois tamén deberían de estar subvencionados cunha liña directa, e qué dicirlle á xente de Mañufe, ese anacronismo que levamos anos, decenios soportando de deixar á xente na parada de Mañufe a 1km deste centro da vila de Gondomar e que nun día como hoxe ao mellor deberíamos de facer cargados un ida e volta a Mañufe para ver como se lle soluciona a esta xente o transporte en Gondomar, ao mellor o teríamos que facer, hoxe facelo, para ver como os veciños e veciñas que teñen que facer ese recorrido lles imos a dicir mañá que tranquilos que está subvencionado, que tranquilos que o transporte está solucionado en Gondomar, pois nos pensamos que non, porque nos non queremos cidadáns de primeira y de segunda en Gondomar, queremos solucionalo tema do transporte de Gondomar, por suposto, que hai cartos, pois pode habelos, este Goberno acaba de pagarlle a Geseco 250.000 euros de



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

facturas do 2012 de diferenzas económicas entre a empresa e a administración municipal, 250.000 euracos, xa se facía algo con isto, xa se facía algo, isto si que é unha prioridade de gasto, collede eses cartos e meterllos a Geseco, por certo con informe contrario de intervención, non da que está a ocupar a praza neste momento que si o ten desta factura, pero estes desequilibrios están. Hai tres informes, de tres interventores distintos que din exactamente o mesmo, que non hai rotura do sistema de equilibrio económico-financeiro, e en lugar de preocuparse por este tema con facturas do 2012, de súpeto acabámoslle de pagar e con informes contrarios de intervención, acabámoslle de pagar 250.000 euros, cartos, claro que hai cartos, o que cada un ten é a prioridade na que se van a gastar eses cartos, claro que os hai, polo tanto o que temos aquí enriba da mesa e o que se substancia neste momento porque o lóxico, claro que estamos na área metropolitana, pero Gondomar está na área metropolitana, ¿por qué non se fai un transporte metropolitano? onde se integre o interurbano e o urbano, onde calquera habitante da área teña os mesmos dereitos e deberes porque para iso supoño eu ou entende Gondomar Concello Aberto que se creou un área metropolitana, para que os servizos sexan iguais para calquera cidadán independentemente da parte do territorio que o integre e polo tanto hai que atender tanto nese transporte metropolitano a unha persoa de Pizarro, que viva na rúa Pizarro, que viva en Nigrán que a unha persoa que viva en Mañufe, e ese transporte de momento non o hai e veremos cando o hai porque a lea montada na área ao respecto do transporte, todos sabemos cál é. Vale, este Convenio é tan estrambótico, por así dicilo, que mesmo nos retrotraemos ao convenio que chegou por primeira vez a este Concello no 2014, e as anualidades son as mesmas, 2015,2016,2017,2018 e 2019, son as mesmas e nada indica que non haxa que pagar esas anualidades. O convenio non o di, supoño que a Xunta usará o sentido común, e este Concello tamén e non se nos aplicará pero nada di ese Convenio, pero é que a maiores ese Convenio vanos a obrigar non só a dar 90.000 euros duns cartos que ao mellor habería que empregalos con outra altura de miras e solucionar todo, é que este Convenio obríganos expresamente,¿verdade? a que asumámolo compromiso da instalación, mantemento e conservación das infraestruturas, marquesiñas e postes de parada executadas con base a este ou posteriores acordos ou subministrados pola Xunta, é dicir que ten este Concello que a partir de agora que aparte de aportar anualmente os 90.000 euros, vai ter que sufragalo mantemento de tódalas marquesiñas e infraestruturas para que o transporte interurbano da Xunta estea aquí. Esperemos desde logo que nalgún momento se faga un transporte metropolitano que non obrigue aos veciños de Gondomar a ter xente de primeira e xente de segunda, de momento é todo. Nos votaremos en contra, a este Convenio. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: maioría dos membros presentes, 14 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 4 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal M.M. e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 3



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevadra)

votos en contra do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningunha abstención, acorda aprobar a proposta arriba transcrita relativa á modificación de créditos nº 3/2017 na modalidade de transferencia de créditos.

2. Expediente 211/2017. Elevación porcentaxes Pleno art. 174.

Polo Sr. Presidente da Corporación, o Sr. Alcalde D. Juan Francisco Ferreira González dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 23.01.2017, que literalmente di:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: ELEVACIÓN DOS PORCENTAXES PREVISTOS NO ARTIGO 174.3 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, APROBADO POR REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2.004, DE 5 DE MARZO.

Visto o informe de Intervención emitido en data 23 de xaneiro de 2017 relativo á aprobación da elevación dos porcentaxes previstos no artigo 174.3 do TRLRFL.

E tendo en conta que o artigo 174.5 do TRLRFL establece que en casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar os porcentaxes a que se refire o apartado 3 do mesmo artigo, outorgando o seu carácter excepcional a necesidade do desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo que constitúe unha potenciación do transporte público como unha alternativa que satisfaga as necesidades de desprazamento dos cidadáns nas áreas metropolitanas, constituíndo unha necesidade que implica a todas as Administracións Públicas, co obxecto de reducir o uso de vehículos particulares e solucionar o problema de aglomeracións nas grandes áreas urbanas a vez que se persegue unha redución da contaminación contribuíndo a facer áreas urbanas sostibles e máis saudables.

A colaboración cooperación e coordinación entre todas as Administracións implicadas nesta materia é fundamental para conseguir e garantir un servizo de transporte público moderno e de calidade na área metropolitana de Vigo

PROPOÑO



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

PRIMEIRO. Elevar os porcentaxes previstos no artigo 174.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedando fixados con carácter excepcional da seguinte maneira:

- no exercicio inmediato seguinte, o 103,50 por cento;
- no segundo exercicio, o 107,13 por cento,

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: ¿Intervencións sobre este punto? Vale, vale, pido intervencións por se hai intervencións, Sr.?

Sr. Pauliño: Non, simplemente, porque nos entendemos no noso grupo que.....

Sr. Alcalde: Falar dos tres xuntos.

Sr. Pauliño: Que hai unha proposta do Sr. Guitián de discutir isto conxuntamente, non sei se nos entendemos mal ou non.

Sr. Alcalde: Pero dime a Sra. Interventora que a votación, que a votación que debe facerse por separado.

Sr. Pauliño: Si, si, si por suposto.

Sr. Alcalde: Vale, perfecto, que non se diga que algo quedou atrás ou que non teñan vostedes a palabra para poder dicir algo. Non hai intervencións.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: maioría dos membros presentes, 14 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 4 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal M.M. e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 3 votos en contra do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningunha abstención, acorda aprobar a proposta arriba transcrita, relativa á Elevación porcentaxes Pleno art. 174.

3. Expediente 387/2016. Proposta de aprobación do Convenio de colaboración para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano de Vigo.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Polo Sr. Presidente da Corporación, o Sr. Alcalde D. Juan Francisco Ferreira González dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 26.01.2017, que literalmente di:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACION PARA A IMPLANTACIÓN DO PLAN TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO.

Con data do 07 de xaneiro de 2015 tivo entrada borrador do Convenio de colaboración para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Vigo remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade. Xunto coa remisión do devandito borrador achegou un documento explicativo e xustificativo da achega estimada para os concellos en concepto da súa participación.

Con data 22 de xaneiro de 2015, tivo entrada o texto do proxecto de convenio de colaboración para a implantación do dito Plan, remitido tamén pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Con data 9 de novembro de 2016, Dirección Xeral de Mobilidade remitiu escrito do secretario xeral asinado en data 07.11.2016 coas indicacións para a integración do concello de Gondomar no Plan de transporte metropolitano de Vigo, indicando que, como primeiro paso, deben recibir o acordo plenario que ratifique a vontade de integración na ATM de Vigo, e no que se asuma expresamente o compromiso económico estimado.

En data 23.01.2017, emitíronse informes polo secretario xeral e pola interventora deste concello ao respecto.

En aplicación do disposto no artigo 21.1 da lei 7/85 e concordantes da lei 5/97, pola presente propoño se acorde polo Pleno:

1º.- *Aprobar a vinculación do Concello ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico.*

2º.- *Autorizar ao alcalde para a sinatura do convenio en nome e representación do Concello, así como, para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

3º.- Remitir unha certificación deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: maioría dos membros presentes, 14 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 4 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal M.M. e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 3 votos en contra do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningunha abstención, **acorda aprobar a proposta arriba transcrita relativa á aprobación do Convenio de colaboración para a implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano de Vigo.**

4. Fiscalización e control dos Órganos de Goberno:

- a. **Dar conta das Resolucións de Alcaldía – Tomo I – 2017, mes de xaneiro.**

Resolucións Alcaldía Tomo I- 2017 – mes de xaneiro.

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2017 dende a:

1. *DECRETO 2017-0001 [Nomeamento tesoureira accidental xaneiro] (347YZD6FKCWC2QAHXTKDQGJWH)*
2. *DECRETO 2017-0002 [RESOLUCIÓN DE DEVOLUCIÓN DE ICIO] (755W5LDPRNKDSP4J6ZNHKD257)*
3. *DECRETO 2017-0003 [Decreto da convocatoria] (53EXP7N6H7HGZQPTX7TAN76G5)*
4. *DECRETO 2017-0004 [Resolución v.a. Daniel] (4ZY36RD3XKEM6GEE7MCC7Y9FS)*
5. *DECRETO 2017-0005 [Resolución v.a. Ismael] (7QJRH5CME76RYCDDNZEQ9FAEG)*
6. *D.ECRETO 2017-0006 [Resolución v.a. Jose Carlos] (92R25WXGRP2EM9N35JYGNMFAA)*
7. *DECRETO 2017-0007 [Resolución contratación docentes obradoiro] (7QJ9ZCGA9XSSEHS5WL64JKC7C)*
8. *DECRETO 2017-0008 [RESOLUCIÓN NÓMINA PARCIAL DECEMBRO] (ADQ6RRL7Q5RXSDG76NW6LCTYX)*



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

9. DECRETO 2017-0009 [Resolución v.a. David] (7MQ9TSKX7YXFT4NALDRWEZKYX)
10. DECRETO 2017-0010 [RESOLUCIÓN DE NOVA APERTURA DE EXPOSICIÓN PÚBLICA] (XML32YXDCMP5Y5P7PZECWFAAY)
11. DECRETO 2017-0011 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO 10.01.2017] (3CA7SKLR43CLNNLSH2TXLM3KC)
12. DECRETO 2017-0012 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO] (4MWFKE7P5YKJLRWEH5FML9HFD)
13. DECRETO 2017-0013 [RESOLUCIÓN NÓMINA ATRASOS] (7RGC6Z2A34MS5FEGAC4EHGL3K)
14. DECRETO 2017-0014 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 3 PILAR] (9LT7PAKRFL6WMQ34DCRPHXQ6)
15. DECRETO 2017-0015 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 2 PILAR] (3KXN7RXJ24SGQ5H22WCLMML4H)
16. DECRETO 2017-0016 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 2 ISABEL] (A4CFZWP7YX6RSXGWAEQRXYSA)
17. DECRETO 2017-0017 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 1PILAR] (9FDWGCSNFJYTY9NJ6QL67PNZ)
18. DECRETO 2017-0018 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 2 ANGEL] (5X4EDLWL9C9X6GGT2CWRHY4C6)
19. DECRETO 2017-0019 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 2 MARIA] (A4YAKNASG42H7A2NP27CXSRQZ)
20. DECRETO 2017-0020 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 3 MARIA] (3JNDCNPW77PRQC57WDHKAZSC)
21. DECRETO 2017-0021 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 1 ANGEL] (3YQ6M4SRZMRSQXEASMQ63TFHG)
22. DECRETO 2017-0022 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 3 ANGEL] (3Q5DSA5S5DE92S77F9SG72ZKE)
23. DECRETO 2017-0023 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 1 MARIA] (9HZYXSFJDXQZZ4CGYZN3FGYQ3)
24. DECRETO 2017-0024 [RESOLUCIÓN ANTICIPO ANA Mª DE ABIA ALONSO] (AR7NJ5LLS7JEFP9K2A9LWXPW6)
25. DECRETO 2017-0025 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto] (4WWT3L2XPTH4T4JLCXCKCS23M)
26. DECRETO 2017-0026 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto] (AZN6AK4RSJTXRYZAA76Z5PW5M)
27. DECRETO 2017-0027 [RESOLUCIÓN COMISIÓN DE SERVIZOS OLALLA LÓPEZ LAGO](9A6LNHNMF544E5T5KK259ZNCQ)
28. DECRETO 2017-0028 [RESOLUCIÓN NOMEAMENTO TESOUREIRA ACCIDENTAL] (4453FPX5L6DMD46WQFQFAL2QH)
29. DECRETO 2017-0029 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto] (49HCM47ZSJ9RKC5WN249L6K2W)
30. DECRETO 2017-0030 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 4 PILAR] (A2XFQHDAHDMQCT5A9NQT7QFP6)
31. DECRETO 2017-0031 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 4 ISABEL] (3FD542WKY5G695XFNGEQNCXMY)
32. DECRETO 2017-0032 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 3 ISABEL] (64N3R36W5GA9X664DXXH3MZRT)
33. DECRETO 2017-0033 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto 1 ISABEL]



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- (6M9NSQFSQW5JMEF77S79G6TH2)
34. DECRETO 2017-0034 [Resolución v.a. Fco. Javier]
(3JEWG9ZZ3RZ9EH9XC6SFPFATQ)
 35. DECRETO 2017-0035 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]
(9E7TYCZZEXMXZTEHMS5WNDKPP)
 36. DECRETO 2017-0036 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto]
(6FJC5WZW52JLLSA2QFTGEG6ZP)
 37. DECRETO 2017-0037 [Resolución Ben Municipal]
(5KEGYXTE2ZDQA2EWM5HLQH5S)
 38. DECRETO 2017-0038 [Resolución modifica prego]
(32NWZYD6HT9AJQYKJ69JXL7H9)
 39. DECRETO 2017-0039 [Resolución Alcaldía modificación prazo período voluntario]
(9L393N96ZYSWQ2ZT7YCG324R2)
 40. DECRETO 2017-0040 [Resolución liquidac. a cero Taxa e Ício]
(35ZA6A37HJT746NXR27ETGD35)
 41. DECRETO 2017-0041 [RESOLUCIÓN DE CONTESTACIÓN AO RECURSO
PRESENTADO O DÍA 28.11.2016] (9HJXEZJM29CK2MA9TGTLDLW5N)
 42. DECRETO 2017-0042 [Resolución sancionador Bugus rectificada Moe]
(92GDE734FDZR2KSRW7CWLYFR9)
 43. DECRETO 2017-0043 [CORRECCIÓN DE ERROS DO DECRETO DE ALCALDÍA
REFERENTE Á RELACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE DECEMBRO]
(6K2DKPYFNKWMKTKWHM3T3GZSJ)
 44. DECRETO 2017-0044 [Resolución de Alcaldía] (7HYTHCXNGCQ27R6SLAAN6NWSY)
 45. DECRETO 2017-0045 [Contratación peóns-axudantes servizos varios]
(64Z5CTQ443P9HXSSXHJXZJ5G3)
 46. DECRETO 2017-0046 [RESOLUCIÓN responsable seguridade]
(CEF9KSC3D5LZTAXFW9QRZ2MKW)
 47. DECRETO 2017-0047 [Resolución da Alcaldía] (7YSJAW64NNNRGX4G6XDA2R55N)
 48. DECRETO 2017-0048 [Resolución alcaldía Acta comedor 9º RESOLUCIÓN 2016-
2017](7RHZ2EXN5QMNAC5GJPW7D3JTS)
 49. DECRETO 2017-0049 [Resolución req. docum festas San Sebastián]
(4JTX7FWCGDK25ZTSG7EZTQ53X)
 50. DECRETO 2017-0050 [Resolución liquidac. a cero Taxa e Ício]
(AQ96SX7HQGQKF7HLHRZKCZJ9A)
 51. DECRETO 2017-0051 [Resolución de Alcaldía-devolución aval.]
(77DJXLF5K62SAC5XDGSEF9RN2)
 52. DECRETO 2017-0052 [Resolución de Alcaldía-devolución aval.]
(6XSJFDM3R3NWZFP349EXFTST7)
 53. DECRETO 2017-0053 [Inicio expt contra ASFALTO]
(4YSSNTKK4M2Q3D77R5ZRQ2NT2)
 54. DECRETO 2017-0054 [Resolución da Alcaldía] (67NTDGN3AD69J95SKHCLFL42Q)
 55. DECRETO 2017-0055 [Resolución r.p. Sonia Pérez]
(5Y4JRPPNZFQN4RS7JG27FX29J)
 56. DECRETO 2017-0056 [Resolución de requirimento pago íceo]
(56LQGZG3RYPPMKTNT6PD7T39M)
 57. DECRETO 2017-0057 [Inicio expt. contra Carrasquedo de Abaixo]
(3YEFTCTW9LHJC7EP3F9JCEDWJ)
 58. DECRETO 2017-0058 [Resolución de Alcaldía -devolución aval]
(495XF6X9RZY3R5EJL5FY9RXAD)



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

59. DECRETO 2017-0059 [Resolución Alcaldía modificación crédito 1/2017]
(4AEXD7DR3ZRQR3SYPYNXZF5CA)
60. DECRETO 2017-0060 [Resolución de apertura de exp. pública]
(6PM5EHYYALNKL5FDMDQY59TZA)
61. 63 DECRETO 2017-0061 [RESOLUCION TOMA RAZON ACTIVIDADE]
(5TKHDECLWJQ5MNNW6CTSW97E99)
62. DECRETO 2017-0062 [Resolución Orde de execución Comunidade de Propietarios Manuel Alonso] (9SQYAMH9JWRPRWJQASFGAGRMQ)
63. DECRETO 2017-0063 [Resolución Orde de execución muro tradicional]
(9LEY535CKKWJSWMT7E2A9XPLM)
64. DECRETO 2017-0064 [Resolución liquidac. a cero proxecto execución]
(GTS93T3SMF9JSTA9SJKCZHF7D)
65. DECRETO 2017-0065 [TOMA DE RAZÓN] (92SKDYPWM6C347YYPTFW5F6QS)
66. DECRETO 2017-0066 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]
(3EJSCSLK7HWNZP9KX5KFAKXEP)
67. DECRETO 2017-0067 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA]
(5TGE3CFRPDKQH9LKMM7NYSNQH)
68. DECRETO 2017-0068 [Decreto da convocatoria]
(H94C9CP3XXTXGQGF2YCEJCDAH)
69. DECRETO 2017-0069 [DECRETO DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE ÁREAS] (5HKAG43FK2GQJ93NF7H9KFLN5)
70. DECRETO 2017-0070 [Resolución da Alcaldía]
(3XM47JRWJ4MTCRGPYDT73CWPY)
71. DECRETO 2017-0071 [Modificación das atribucións da XGL]
(7WQYXEAXJKLCHMMKKYAYKMDLD)
72. DECRETO 2017-0072 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA]
(3PTHGZJPRG3ZX3W5SFT4QT3T2)
73. DECRETO 2017-0073 [Decreto da convocatoria]
(3ZSZRE4NGRTR34RK2TLQ943T3)
74. DECRETO 2017-0074 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA]
(3JX3N3FYJ9Z32DPQ2M2WACJZF)
75. DECRETO 2017-0075 [Resolución levantando reparos Carrasquedo]
(9L9XDA3LSGLHMCYN4JNPMSM9R)
76. DECRETO 2017-0076 [Resolución festa San Sebastián en Mañufe]
(4PDG9REKCKMQAFLTMC37A29J)
77. DECRETO 2017-0077 [Resolución de novo requirimento Obeso Oliveira]
(3ZQMDEGPH25N3Q3RJHL6PPCTG)
78. DECRETO 2017-0078 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía Crístian] (33SFHCYXYLA7PAPRLAAL7S76G)
79. DECRETO 2017-0079 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía Federico]
(EPH43R4HME4P347E44XW2J99G)
80. DECRETO 2017-0080 [Resolución de Alcaldía de Plusvalía Nicolás]
(4LMYL7LJCDJH6FRPY37EX5YTG)
81. DECRETO 2017-0081 [Resolución de Alcaldía de Plusvalía]
(RTGYCQ57S3HSSG9FZEF3ECQ2P)
82. DECRETO 2017-0082 [Decreto da convocatoria]
(AY9WQ7FF3YYL23QNF6ZJCN4Y7)
83. DECRETO 2017-0083 [RESOLUCIÓN CORRECCIÓN ERROS XORNADA DOCENTE ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA E SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE]



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- (3A43MPCHSRJZ3257T5CFHWWR5)
84. DECRETO 2017-0084 [Decreto da convocatoria]
(AR6DJKQZ7YJLE293YTEG5TKWJ)
 85. DECRETO 2017-0085 [Decreto da convocatoria]
(7END64HGT9K3Y2SSZGQGJS99T)
 86. DECRETO 2017-0086 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía]
(6NN7DWSTQM5FHJY52ZRDXDKF3S)
 87. DECRETO 2017-0087 [Resolución rectificación de erros]
(7ZELN34RRHPLLMTS4PJF4NPWQ)
 88. DECRETO 2017-0088 [Resolución toma de razón]
(9PZ49K3MCPCR2P63DMQTAS6AT)
 89. DECRETO 2017-0089 [Resolución de Alcaldía (favorable)]
(7G745CRSGRRTCP43Y6STF2WCP)
 90. DECRETO 2017-0090 [Resolución de Alcaldía de Liquidación do Imposto]
(7PEH23SRCQCNEKPA3NRTEGQXQ)
 91. DECRETO 2017-0091 [Resolución da Alcaldía PAGO A XUSTIFICAR(3/17)]
(4W7GQFAMKK9NJASGMKD6T993A)
 92. DECRETO 2017-0092 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 1]
(695XNDP7ZXFCLXPDP3KWAZSTF)
 93. DECRETO 2017-0093 [Horas extra Beatriz Isla Carballo]
(4HSMTKDK2E36MDKP9DP4D6XZK)
 94. DECRETO 2017-0094 [Resolución de Alcaldía (favorable) amortización préstamo]
(JTPXKWNLLN6X6E2F6HWEQNSA9)
 95. DECRETO 2017-0095 [Resolución de Alcaldía (favorable)]
(7LJ6HXPPQKZE59JDHHWW33CK2)
 96. DECRETO 2017-0096 [Xubilación Basilio Iglesias Duarte]
(4C53552GTTZTAWXAKMXJ7PGRP)
 97. DECRETO 2017-0097 [Tesoureira accidental] (4D7EGZ5Y5FNA5CCGEMCJ55CTP)
 98. DECRETO 2017-0098 [Contratación formador sensibilización ambiental e inserción laboral] (4EYS47N24KSJD9EHTCQP9RXFA)
 99. DECRETO 2017-0099 [Resolución Alcaldía SAF-L.C. ROSALÍA REÑONES]
(ZGKDP7TFHYMX4S6NAPMFQNRM6)
 100. DECRETO 2017-0100 [DECRETO CORRECCIÓN DE ERROS XUBILACIÓN BASILIO IGLESIAS] (6D5N6CE49N3CJJGMQPD3FLS4D)
 101. DECRETO 2017-0101 [Decreto da convocatoria]
(WGH62MC9HCJTHT47NFWFYEXPN)
 102. DECRETO 2017-0102 [Resolución Alcaldía escolas deportivas]
(3KC3JKX69YPDCFF77NSLQ6NSZ)
 103. DECRETO 2017-0103 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 1]
(3WJGJLNR475S9R6HS5J22CQD)
 104. DECRETO 2017-0104 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN]
(99ERHQKL9TDDRHPCKMYT3E6RQ)
 105. DECRETO 2017-0105 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía PAULA]
(9WWP9GNJSH6S42472AQRNLNCLK)
 106. DECRETO 2017-0106 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía JORGE]
(PY5XAEZXENEGDML2WJ93TQTN)
 107. DECRETO 2017-0107 [Resolución trienios M Pilar Barrios González]
(44FCWMN5NFN5ECSJ2Y9A7R3QJ)
 108. DECRETO 2017-0108 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 2]



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- (7PZEFLA4PX97C9DNWMN9ZAJZM)
109. DECRETO 2017-0109 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 1]
(4R2W2PM3FSLJSNHM2WTZKNPMZ)
110. DECRETO 2017-0110 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 1]
(4695NZXYFSWXSP5RR5W4JX2NK)
111. DECRETO 2017-0111 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía]
(47Q7WDSKG42QN677WL2AF24PJ)
112. DECRETO 2017-0112 [Resolución Ben Municipal]
(3DX4YPZAXWE2DNH9RRLLSAKXK)
113. DECRETO 2017-0113 [Horas extra María García Vázquez]
(AX24RZYSKE9FWF4JZCWNC9EE3)
114. DECRETO 2017-0114 [Horas extra Ana M^a Pequeño Riobó]
(4KXTWSKKFLLDNPHLXA466Z7QN)

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

b. Modificación de atribución de competencias da Xunta de Goberno Local.

Pola Presidencia dáse conta da modificación de atribución de competencias da Xunta de Goberno Local aprobada no Decreto de Alcaldía 71/2017 de data 19.01.2017 que literalmente di;

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO DECRETO DE NOMEAMENTO E ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 15.07.2015 polo que se nomean aos membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións en base ao previsto no artigo 21.1 neste órgano.

No uso das competencias que me confire o artigo 23 da Lei reguladora das bases do réxime local (LBRL), capítulo III do Regulamento orgánico municipal (B.O.P. n.º 8 de 13/01/2000), 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e concordantes da Lei 5/97 de administración local de Galicia, pola presente

RESOLVO:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Primeiro.- *Modificar a atribución efectuada na Xunta de Goberno Local a través do Decreto de data 15.07.2015 do seguinte xeito, relativa a*

- *O outorgamento das licenzas salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.*

Que queda do seguinte xeito:

- *O outorgamento das licenzas salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno, salvo as relativas a festas e verbenas populares, que se levarán a cabo, por delegación desta Alcaldía, polo concelleiro de Urbanismo, Patrimonio, Vivenda e Medio Ambiente*

Segundo. - *Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade ao día seguinte da presente resolución, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 23 da LBRL.*

O Pleno da Corporación municipal toma coñecemento da Modificación de atribución de competencias da Xunta de Goberno Local.

c. Modificación delegación de áreas de Goberno.

Pola Presidencia dáse conta da modificación de delegación de áreas de Goberno aprobada no Decreto de Alcaldía 69/2017 de data 19.01.2017 que literalmente di;

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE ÁREAS DE GOBERNO.

Visto o Decreto de Alcaldía de data 15 de xullo de 2015, relativo a delegacións xenéricas e especiais de áreas de Goberno Local.

Vistos os Decretos de Alcaldía de datas: 3 de setembro de 2015, 11 de setembro de 2015, 16 de setembro de 2015, 13 de xaneiro de 2016, de 5 de febreiro de 2016, de 13 de maio de 2016, de 10 de xuño de 2016 e de 3 de agosto de 2016, que modifican o anterior.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

No uso das competencias que me confire o artigo 43 e seguintes do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF) e no exercizo das atribucións recoñecidas polos artigos 21.1.a) da Lei 7/85, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, pola presente

RESOLVO

PRIMEIRO.- Modificar a seguinte delegacións xenérica de área que quedan do xeito que a continuación se detalla:

ÁREA	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
Urbanismo, Patrimonio, Vivenda e Medio Ambiente	José Antonio Araujo Quintas

Coas seguintes condicións específicas no exercizo da citada delegación:

- Esta delegación abarca tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de ditar actos administrativos de trámite e resolucións procedimentais nas devanditas áreas, incluíndose expresamente, de acordo coa Resolución de Alcaldía de data de hoxe, a competencia para o outorgamento de licenzas para a celebración de verbenas e festas populares, anteriormente atribuída á Xunta de Goberno Local. A presente delegación non inclúe a facultade de ditar actos incluídos no ámbito de delegación da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución de data 15 de xullo de 2015.

SEGUNDO.- Notificar o presente Decreto ao interesado para o seu coñecemento e efectos. Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte do presente Decreto, de conformidade co disposto no artigo 44 do ROF.

O Pleno da Corporación municipal toma coñecemento da Modificación da delegación de áreas de Goberno.

- d. Información a remitir ao Pleno da Corporación de febreiro por parte do Departamento de Intervención.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pola Presidencia dáse conta do informe periódico de data 30.01.2017 do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:

1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.
2. Contido:
 - A. Informe-Resumo das Resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.
 - B. Execución do orzamento de gastos no exercicio corrente.
 - C. Execución do orzamento de ingresos no exercicio corrente.
 - D. Movementos e situación da Tesourería.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

5. Mocións.

a. Moción Mantemento centros de ensino.

Polo Voceiro do Grupo Municipal CABE, D. Pauliño del Río Iglesias, dáse lectura á Moción presentada con data 30.01.2017, que literalmente di:

MOCIÓN: MANTENEMENTO CENTROS DE ENSINO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Acordo Marco entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación en relación cos centros públicos, asinado en Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2008, na sede da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece na Cláusula Terceira;

"No que atinxe ás obras de reparación, conservación e mantemento estas son responsabilidade de cada concello que as debe realizar nos centros de ensino que del dependan. Entre elas cóntanse, as que de seguido se enumeran so a modo de exemplo:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Interior: pintura, reparación de carpintería, reposición de portas e outros elementos de carpintería, manillas de portas, cristais rotos, reposicións de bombillas, fallos de electricidade, roturas de tubaxes tanto sanitarias como de calefacción ou fecais, fallos no funcionamento da caldeira, limpeza de foxas sépticas, etc.

Exterior: goteiras no tellado, limpeza e reposición de canalóns e baixantes, pintura, reposición de cristais, limpeza e axardinamento de zonas exteriores e patios de xogos, conservación e reposición de xogos para alumnos de infantil, desatascamento e conducción de augas, conservación dos peches perimetrais e das portas de acceso de modo que se impida o libre acceso desde ou para o exterior, etc."

A totalidade dos Centros escolares de Primaria e Infantil do noso concello remiten todos os cursos escolares as súas necesidades e carencia ao goberno municipal para que atenda no ámbito das súas competencias. Moitas destas necesidades quedan sen ser atendidas, entre outras causas por falla de orzamento municipal ou por ser outras as prioridades que se fixa o goberno municipal.

No BOPPO da Deputación de Pontevedra, venres, 30 de decembro de 2016, nº 249, publícase a "Aprobación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Obras e Servizos (Pan Concellos) 2017"

A finalidade dos investimentos que se realizarán co financiamento previsto neste Plan é tripla: en primeiro lugar, a realización de novos investimentos que garantan o funcionamento dos servizos municipais e a reactivación económica, en segundo lugar, o cofinanciamento dos gastos correntes municipais e en terceiro lugar, o fomento do emprego.

Os investimentos que se van financiar con este Plan serán as obras e as subministracións de competencias municipais establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de forma que o Plan Concellos cínquese á cooperación cos concellos no exercicio das competencias propias legalmente establecidas.

A devandita Lei 7/1985 establece no seu artigo 25 apartado 2: "O Concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Letra f) A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, educación primaria ou de educación especial.

Ao noso concello se destina neste ano 2017 a cantidade de 940.746,04€. Desta destinarase unha porcentaxe máxima do 22,50% á Liña Tres de fomento do emprego e o 0,15% á liña dúas Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, é un mínimo do 62,50% á liña 1 de Investimentos.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte

ACORDO:

A Administración Local de Gondomar destinará, a conta do Plan Concellos 2017, un mínimo de 75.000€ para o mantemento e conservación dos Colexios de Infantil e Primaria Públicos do noso termo municipal. Está cantidade será independente da destinada a este fin no orzamento municipal.

A prioridade das necesidades en mantemento e conservación dos centros citados serán consensuadas entre o Concello e a Comunidade educativa dos mesmos.

Que o Sr. Alcalde dará conta a este Pleno do resultado desta Moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Moitas grazas, moi ben nos sobre esta moción que é curiosa porque isto é un querer estar no Goberno e non poder, que é o caso, que non é o caso, que podían estar pero veñen a dicir dalgunha maneira, ónde, cómo ten que gobernar a quen lle toca gobernar, ¿non? veñen a dicir, goberne aquí, invista alí, é curioso, é curioso ademais que veña de vostedes, dos que saíron correndo cando había que traballar pero iso xa llo teño dito e lembrareillo durante durante dous anos e medio, nos por suposto que imos a aceptar esta moción, obvio que estamos pola mellora dos centros de ensino, vaia por diante os precedentes xa do ano 2016, como a reparación do Colexio do CRA de Chaín cun investimento de 15.000 euros, aquilo, lembran vostedes que ía eu a dimitir se en setembro non estaba e que en caso de ter a razón ían a recoñecermos, aínda estou agardando hoxe, como tamén o Colexio de Couso, como tamén o Parque Infantil de Donas, como tamén o Portal de Vínchos, como a adecuación do patio do Chano Piñeiro, etc, etc, fóra do que é o orzamento de Educación, polo tanto creo que nun ano fixemos unha serie de melloras dos centros educativos significativa e temos moito que avanzar, por suposto, tamén é certo que non imos a asumir de principio as competencias que



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

debería de asumir a Xunta, estarán vostedes de acordo comigo, haberá que pelexar, haberá que petar nas portas, haberá que ir a Santiago as veces que haxa que ir pero desde logo o que non imos a facer é para non molestar a ninguén e que para non molestarnos nos, nin cruzar a ponte de Rande, asumir nos o que ten que asumir a Xunta porque iso implica que desde logo os cartos saen do mesmo sitio e se van para os colexios non poden ir para outro tipo de infraestruturas entón do que se trata é de facer un reparto ecuánime, consensuado e ademais ponderado segundo a competencia de cada quen. Nos imos a facer a inversión que teñamos que facer nos colexios para que estean ben, nos CRAP e nos colexios que teñan que asumir e desde logo, e imos a pelexar para que haxa e para que a Xunta invista como é o caso que se está facendo en Víncios nas fiestras, etc, claro que si, e paréceme ben que agora vostedes se dediquen a facelo reparto do Plan Concellos e tamén me parece ben que percorran os centros para falar cos directores e demais, cantos mais sexamos a traballar a prol da veciñanza mellor, benvidos sexan ao grupo, por suposto que imos a apoiar esta moción porque estou convencido de que o 2017 vai a ser un bo ano para o ensino, porque temos un compromiso firme coas infraestruturas dos nosos centros e coa función que ten que facer o Concello aí e imos pelexalo ademais coa Xunta, como hai que pelexalo, como pelexamos o 2016, un comedor, por exemplo, para a Galiña Azul que custou mais de 60.000 euros que é unha obra que está aí e como fixemos en determinados centros e como viño facendo tamén o outro Goberno, que eu non lle quito o mérito ao Partido Popular nese sentido, recoñezoo, non, non, ¿por qué?, conforme noutros lados ao mellor podo facer unha crítica, o aparcamento de Donas está aí grazas a eles, non grazas a nos, nos encargámonos de levalo adiante que tamén é unha responsabilidade importante ¿eh? non deixar de facer e tirar pola borda o que outros fixeron, que non vaia a pensar que é fácil, non sei se lle soa, pero quero dicir que ao mellor nesa escala de responsabilidades e de esixencia, ao mellor nos estamos ao final de todo e por diante nosa hai outros que deberían de tomar nota, como vostedes por exemplo. ¿Mais intervencións? ¿Sr. Guitián? Ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Grazas Alcalde, case me fai o discurso, non lle ten que parecer mal que a oposición expoña onde meter os cartos ou calquera outra cousa, a oposición tamén son perceptores ou tamén reciben as inqedanzas dos veciños, entón é normal iso, o que pasa é que vou facer historia, xa empezo a parecer outro concelleiro que hai aquí que di, xa son dinosauro, pois eu empezo a ser tamén dinosauro, eu vou facer historia, cando me fora por aquela banda, a concelleira que daquelas estaba preocupouse en moitos casos en facer actuacións que excedían o mantemento.

Sr. Alcalde: Créollo, créollo, os correos falan por si sos.

Sr. Guitián: Ben, e tamén facía outra cousa que era pelexar porque parte do que hoxe nos trae aquí esta moción fora tamén para Educación, daquela fixéramos o tellado na Unitaria de Mañufe e o tellado na Unitaria de Peitieiros coa inversión directamente obtida co Plan de Obras da Deputación, despois, non sei se foi xa no 2014 ou no 2015, o Plan da Deputación obrigaba a facer un investimento de 25.000 euros en Educación, había un acordo entre a Xunta e a Deputación para facer un investimento mínimo non de 75.000 senón de 25.000 euros en Educación. Loxicamente, como vostede ben di, aconséllolle que faga o que ten que facer, pelexar para obter da Xunta o máximo posible. Daquelas nos tiñamos varias prioridades, expúñanos a comunidade educativa varias prioridades, unha delas era precisamente a chegada ao Colexio de Donas, onde o tráfico era importante, os autobuses non eran quen de aparcar e había outra importante demanda que era, o comedor do Colexio de Peitieiros, a nos entón, o fixemos precisamente porque asinamos ese Convenio e dixemos, imos a facelo pero nesa liña que vostede di, daquela nos pelexamos e dixemos, moi ben imos a facer unha obra, custou se non me lembro mal 50.000 euros, o que saía no proxecto daquela, de Donas, pero



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

vos a Xunta ¿que nos ides a facer? nos temos esta prioridade, traernos esta prioridade, houbo que pelexalo, houbo que falar varias veces co Xefe Territorial, houbo que falar varias veces co Director tamén para que tamén o Director pelexara, houbo que falar tamén coa Unidade Técnica de Educación, que é quen fai os proxectos para que logo se leven a cabo, etc, etc e ao final conseguíuse, non sei se vostedes son cofecedores pero creo que a Comunidade do Colexio de Peitieiros con esa actuación quedaron bastante, en principio contentos e a min desde logo mo transmitiran. Había outra prioridade que vostede xa falou dela, alégrome de que o fixeran, que foi, que era o comedor da Galiña Azul, que daquela xa tiñan bastante problema porque había moito neno e moi pouco espazo, era outra prioridade grande pero xa non daba para mais ou quedaba para despois ou para vostedes, como ben fixeron, por suposto imos votar a prol, quedaríanos a dúbida de se 75.000, se 100.000, se 50.000 pero é unha cifra importante e creo que aínda que podamos mesturar competencias ou non estar claro, que non deixa de ser un tema sensible e debemos de coidar aos nosos nenos e a educación dos nosos nenos polo tanto, por suposto, imos votar a prol. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Guitián, pois entón sometemos a votación, coincidimos, vostede quere pechar ¿Sr. Pauliño?

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde, como representante do grupo que presenta a proposta temos que pechar o debate. Ben, eu a verdade, escoitando ao Sr. Guitián e escoitando ao Sr. Ferreira, estiven a punto de dicir, ¡que se biquen!, só me quedaba isto, da gusto a coincidencia que ten vostedes, ten vostede a maioría natural ao seu lado, visto este Pleno parece bastante evidente Sr. Ferreira, que non ten a maioría porque non quere, son vostedes, están practicamente de acordo, róubanse os discursos, están a prol, ¡qué bo rolo! É curioso que o Sr. Alcalde, o Sr. Alcalde non acaba de asumir que Gondomar Concello Aberto está na oposición, estou, ás veces debería de ter un pouco de vergoña allea cando di determinadas cousas pero iso xa vai no político, xa vai na persoa, nos non podemos, xa é vostede maior para dicirle aquí as cousas pero ás veces debería de escoitarse o que di Sr. Ferreira, debería de escoitarse o que di cando se dirixe a este Grupo. Nos podemos, para seguir co bo rolo, non podemos star mais de acordo co que acaba de dicir o Sr. Alcalde, non nos esquezamos da Xunta, nos imos a asumir as nosas competencias, asumir o noso nos igual que o ten que asumir a Xunta e non o Transporte Metropolitano que a competencia é 100% da Xunta e nos poñemos o 20 e a Xunta o 80, bueno pois se o fan no Transporte, fágano tamén na Educación, porque se algo podemos deixarlle aos nosos fillos e fillas, á xente nova é Educación. Nos imos a seguir falando coa Comunidade Escolar, lles guste ou non lles guste, non debería de desgustarlle, entendemos nos, vostede fala como Goberno, ten capacidade executiva para executar as políticas e ten o control do Goberno, da maquinaria municipal e do orzamento e da oposición, tamén ten como misión, aparte de fiscalizala vostede propoñer ou elevar ao Pleno que as propostas que os veciños e veciñas de Gondomar consideren que non estean atendidas e que un grupo ou outro ou todos debemos de facer. Nos imos a seguir falando coa comunidade educativa e imos a seguir propoñendo cousas, que por outro lado, polo que vexo todos estabamos de acordo nesta moción, grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción Mantemento Centros de Ensino.

b. Moción Participación cidadá no Plan Concellos 2017. Obras nas parroquias.

Polo Voceiro do Grupo Municipal CABE, D. Pauliño del Río Iglesias, dáse lectura á Moción presentada con data 30.01.2017, que literalmente di:

MOCIÓN: PARTICIACIÓN CIDADÁ NO PLAN CONCELLOS 2017. OBRAS NAS PARROQUIAS.

Sr. Pauliño: Ben, grazas Sr. Alcalde, esta é unha moción sobre a participación cidadá no Plan Concellos 2017, nas obras que atinxen ás parroquias do concello de Gondomar. Volvemos a falar do Plan, do millón de euros que temos do Plan Concellos, e evidentemente volvemos a referirnos ao famoso Doga que aparece reflectido xa na anterior moción onde se aproban as bases. Tamén facemos referencia a un documento que está en fase de alegacións pero que posiblemente coincidiríamos en todo que é a participación cidadá no noso Concello e a nos pareceunos acaído traer aquí un tema do Preámbulo do Regulamento de Participación cidadá, da Ordenanza de Participación Veciñal que presentaron a este Pleno por parte do Goberno, que di que a participación veciñal e en xeral de toda a sociedade é necesaria para a resolución correcta de múltiples problemas municipais e asemade favorece a participación activa de tódalas persoas no seu barrio, na súa parroquia, no seu lugar de traballo, entidade cultural, deportiva ou de lecer. Para que este mecanismo, peza básica do sistema democrático, como é a participación funcione é preciso que a vida municipal, a través da instancia política, fomente a participación facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio. É certo tamén, que entre as numerosas entidades de todo tipo, veciñais, culturais, deportivas, etc,etc, hai unha entidade no noso concello, que é unha coordinadora de entidades veciñais que tivo, na nosa opinión, o acerto de xuntarse e facer unha proposta que logo elevou ao Goberno Municipal cunha serie de obras de todas as parroquias, que evidentemente pois son as necesidades que se necesitan e que é sabido por todos os que aquí estamos, ¿verdade? como o saneamento, conservación do patrimonio etnográfico e medioambiental, a eliminación da simboloxía franquista desistíndonos o concello, a brigada de eliminación das vespas velutinas, que sabemos os problemas que están dando, mellorar a seguridade dos peóns e a seguridade nas conducións dos viarios que discorren polo noso concello ou a mellora da transitabilidade polas vías, é dicir polas estradas e camiños do noso concello e logo pois houbo tres parroquias que teñen unhas obras que eles consideran prioritarias ou importantes, na parroquia de Borreiros colaboraron nesta petición: o Centro Cultural, a Comunidade de Augas e a Comunidade de Montes, por exemplo; na parroquia de Peiteiros: a Ampa do Neira Vilas, o Centro Cultural, a Comunidade de Augas e a Comunidade



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

de Montes; na parroquia de Vínchos: a Comunidade de Montes e estou seguro, ou estamos seguros, que algunha que outra entidade veciñal quere colaborar ou propoñer cousas aparte destas que están e que ten o seu, que ten o Alcalde á súa disposición, que foi admitido mediante rexistro de alcaldía, supoño o mesmo que a Entidade Menor de Morgadáns, que terá algo que dicir ao respecto no ámbito das súas competencias, visto os cartos, vista a necesidade de potenciar a participación veciñal e visto que xa hai unha petición, xa hai parte do camiño andado a través da coordinadora de entidades veciñais cunha proposta concreta encima da mesa, nos como Gondomar Concello Aberto propoñemos, tras o debate a aprobación do seguinte acordo. (exposto tras a exposición de motivos).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOPPO da Deputación de Pontevedra, venres, 30 de decembro de 2016, n° 249 publícase a "Aprobación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017"

A finalidade dos investimentos que se realizarán co financiamento previsto neste Plan é triplo: en primeiro lugar, a realización de novos investimentos que garantan o funcionamento dos servizos municipais e a reactivación económica, en segundo lugar, o cofinanciamento dos gastos correntes municipais e en terceiro lugar o fomento do emprego.

Os investimentos que se van financiar con este Plan serán as obras e as subministracións de competencias municipais establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de forma que o Plan Concellos se cingue á cooperación cos concellos no exercicio das competencias propias legalmente establecidas.

A devandita Lei 7/1985 establece no seu artigo 25 apartado 2: "O Concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

Urbanismo, Medio ambiente: Planeamento, Xestión, Execución e Disciplina urbanística. Conservación e rehabilitación da edificación. Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación. Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais. Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. Avaliación e informacións de necesidades social e atención inmediata a persoas



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

en situación ou risco de exclusión social. Policía Local, protección civil. Tráfico, mobilidade, transporte colectivo urbano. Cemiterios. Protección do deporte e instalacións deportivas. Promoción da Cultura e equipamentos culturais, entre outras.

Ao noso concello destínanse este ano 2017 a cantidade de 940.746,04€. Desta destinarase unha porcentaxe máxima do 22,50% á Liña Tres de fomento do emprego e o 0,15% á liña dúas Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, é un mínimo do 62,50% á liña de investimentos.

A principios de xaneiro a Coordinadora de Entidades Veciñais de Gondomar presentou unha proposta de actuacións a levar a cabo nas parroquias.

Temos ademais aprobado, de xeito inicial, unha Ordenanza Municipal de participación cidadá, publicación no BOPPO, martes 11 de outubro de 2016, nº 195, onde no seu preámbulo dise que "A participación veciñal e, en xeral, de toda a sociedade, é necesaria para a resolución correcta de múltiples problemas municipais e, asemade, favorece a participación activa de todas as persoas na vida do seu barrio, parroquia, lugar de traballo, entidade cultural, deportiva ou de lecer. Para que este mecanismo - peza básica do sistema democrático- funcione é preciso que a vida municipal, a través da instancia política, fomente a participación, facendo así do Concello un ente aberto e democrático no que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socioeconómico do seu territorio"

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte

ACORDO:

O Goberno Municipal de Gondomar consensuará coa Coordinadora de Entidades Veciñais de Gondomar e con aquelas outras Entidades veciñais que presenten propostas un Plan de actuación de Obras e Servizos nas parroquias.

Este Plan de actuación de Obras e Servizos nas parroquias financiarase con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

O Sr. Alcalde dará conta a este Pleno das xestións realizadas ao efecto e o traerá a este Pleno o Plan de Obras e Servizos nas parroquias para o seu coñecemento.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas, antes de nada Sr. Pauliño ¿podía aclararme o parágrafo primeiro, non o entendo, cando di: outras entidades veciñais que presenten propostas un Plan de actuación de Obras, un ou ou e que non entendo? Perdoe ao mellor a miña falta de comprensión pero non sei a qué se refire exactamente, se teñen que presentar un Plan ou...presenten propostas, un Plan, propostas con ou un....vale, vale.

Sr. Pauliño: A redacción non é todo o correcta que debería de estar, pero o que se trata é de; os investimentos que se vaian a facer o ano 2017 en Gondomar, nas parroquias hai que contar coas entidades veciñais, é dicir que o Goberno consensúe coas entidades veciñais qué obras son prioritarias nas parroquias e a partir de aí, unha vez consensuada, ¿con quén?, coa coordinadora de entidades veciñais, ¿por qué? Porque ten unha proposta correcta pero non se lle vai a pechar evidentemente isto ao resto das entidades que queiran participar, por iso está aí, ou "con aquelas outras entidades veciñais que presenten propostas" queren meterlle unha coma ¿correcto?, un Plan de actuación nas parroquias, non sei se lle quedou claro, ¿está mais claro neste momento?.

Sr. Alcalde: Si, quedoume claro. Bueno, mire eu a esta moción, que non me deixa de sorprender tamén, ímoslle dicir que o Goberno vaille a votar en contra, por unha razón: as demandas das distintas comunidades, coordinadoras, asociacións veciñais, centros culturais, xestións, todo iso ao final converxen neste Goberno que somos verdadeiramente os que somos receptores de toda esa información porque reunímonos con eles, polo menos como Goberno, non digo que vostedes non o fagan como oposición, pero desde logo, primeiro: que eu saiba vostede non é o voceiro da coordinadora de entidades veciñais, teñen voz propia e teñen eles os seus escritos, se eles non piden unha cousa, non sei porque vostede a pide en nome deles. Eu o que sei é que eu teño un escrito da coordinadora onde se fai mención a que se teñan en conta determinadas obras ou investimentos en tres parroquias, as que vostede antes mencionaba: Víncios, Borreiros e Peitieiros, en outras, en outras non, pero a parte da coordinadora hai centros culturais como tamén pode ser o de Borreiros pedindo outras cousas aparte das que están aí, en Vilaza, etc, non só Vilaza, todos. Ou sexa ben, que si que ao final, que todas aquelas demandas que a veciñanza teña, considere e demais, este Goberno por suposto que dentro do reparto das catro liñas que hai de actuación do Plan Concellos, ou tres perdón, catro era o ano pasado, agora son tres, nos obviamente claro que temos que facer a xestión que ten que facer un Goberno, que é Gobernar, e despois xa se mirará se o facemos ben ou o facemos mal, para iso hai un control de fiscalización do traballo que neste caso correspóndelle aos veciños, a vostedes e a quen sexa e despois ao final de todo isto poderá haber un xuízo de valor onde nos van a dar puntuación e cada un acabará estando no sitio que merece, entón eu o que lle pido é, nos sabemos ben cales son as demandas, as que podemos atender e nesa liña estamos como Goberno, polo tanto ímoslles a votar en contra da moción porque parécenos tanto menos que unha intromisión á acción de Goberno que nos compete a nos, que lle repito, que nos compete a nós, a vostede tamén se quixera pero saíu correndo cando había que traballar, entón ¿entende?, déixenos traballar a nos que estamos facendo as cousas como sabemos e como podemos e despois xa se xulgará a cada quen e vostedes



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

propoñan as ideas que queiran, por suposto, eu voullas a aceptar todas neste Pleno pero desde logo non imos ser copartícipes de entrarlle nestes debates para que vostedes cando a administración lle dea a este Goberno unha subvención, que sexa vostede desde aí quen a reparta e eu quen poña a cara, ¿entende?, a xente de Gondomar falará con este Goberno, o Goberno falará coa veciñanza, faremos o que consideremos, iso non quere dicir nin que sexa malo, nin que sexa bo, faremos a nosa xestión e responderemos sobre elo e iso é do que se trata, polo tanto vaia por diante que este Goberno vai a votar en contra a esta moción. Moitas grazas, ¿mais intervencións? Sr. Guitián.

Sr. Guitián: Grazas, a verdade que non pensábamos intervir, pero xurdiu agora a cuestión de que parece que hai unha contradición entre o que está pasando hoxe aquí e a propia ordenanza de participación cidadá porque esa si que obriga ao Goberno bastante mais que esta moción, ou nos parece a nós, por tanto nos como non vemos isto claro, noso voto vai a ser abstención, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Guitián, Sr. Araúxo, ten vostede a palabra.

Sr. Araúxo: Grazas Alcalde, ben a ver como empezo, gobernar, nos entendemos que gobernar basicamente é redistribuír os recursos que ten un concello, neste caso unha administración pública e iso evidentemente é responsabilidade de quen goberna, para ben ou para mal, iso é así. Eu diríalle aos compañeiros de CABE que o exercicio de pretender gobernar, gobernar desde a oposición ten os seus riscos, é lexítimo, pero ten os seus riscos porque no camiño pódese atopar apoios ao mellor dificilmente explicables e non vou a entrar mais neste asunto, eu simplemente aproveito para convidarles a que entren no Goberno, entren no Goberno e traballen desde o Goberno que é o seu lugar natural para facelo, eu xa sei cun Goberno de coalición é complicado, tamén o son os monocores e aquí hai exemplos diso ¿eh? pero iso é, creo eu, se non o interpreto mal o que nos demandou a cidadanía no seu día. Á marxe disto que tampouco ten a maior importancia eu creo que, a ver, invocar un regulamento de participación veciñal que aínda está sen aprobar é un exercicio que está ben como discurso pero que ten pouca sustancia, é dicir, primeiro aprobaremos o regulamento de participación veciñal cando toque, eu espero que en breve, e a partir de aí poderá participar todo o mundo en igualdade de condicións, é mais porque o regulamento vai moito mais alá diso que é provocar, por dicilo dalgunha maneira, a auto-organización dos veciños nas parroquias que é un pouco a verdadeira finalidade do regulamento de participación cidadá, e entón daquela poderán participar todas as entidades veciñais e os veciños en pé de igualdade e non tres, ou catro, ou dez, cando todos sabemos que en Gondomar hai moitas, probablemente ducias de entidades veciñais e por último hai outro tema que ese eu creo que si é responsabilidade exclusiva do Goberno, en principio, e é que son aqueles proxectos que podemos cualificar de estratéxicos porque tamén hai que pensar niso, proxectos estratéxicos, os que quedan, os que marcan a diferenzas e os que serven para avanzar, ou para avanzar no progreso dun concello, sen ir en demérito ou sen sacarlle mérito ou nin moito menos faltarlle ao respecto ás necesidades que poidan ser propostas desde as parroquias. Hai proxectos, insisto, estratéxicos dun concello que esas decisións tenas que tomar o Goberno Municipal, insisto outra vez, para ben ou para mal e nos queremos levar adiante ese tipo de proxectos tamén para que marquen a diferenza do que é crear pobo porque ao final, eu antes asistín aquí un pouco a un relatorio histórico que como dicía antes o Sr. Guitián empezamos a ser xa moitos historiadores aquí na corporación Sr. Guitián, pero vostede sabe tamén que a historia cada un cóntaa segundo lle vai nela, claro efectivamente, entón imos a deixar a historia para os historiadores profesionais que xa darán conta dela ¿non? e quero dicir en todo caso que a historia falará daquelas cousas que marcan a diferenza e que serven para avanzar, o resto por moitas medallas que nos queiramos poñer aquí, éntanos no paquete cando asumimos esta responsabilidade, non hai mais,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

resolverlle os problemas á xente, pero nos, o meu grupo polo menos, imos mais alá, imos mais alá no día a día, que tamén iso éntranos no paquete, todos, polo tanto nos entendemos que de aquí teñen que saír proxectos estratéxicos para o Concello de Gondomar e que non procede que desde afora pois se reparta. Como xa escoitei o voto do Partido Popular que seica se van a abster, pois a verdade teño que dicirle que sintome aliviado de ver como se acabou a maioría natural da que se falaba antes, nada mais, nos imos votar en contra (silencio) pois entón mais ao meu favor, mais ao meu favor (...) porque dicir aquí que a Xunta de Galicia non teñen cartos, pois depende de para que cousas ¿eh? podemos sacar cousas, podemos sacar para qué ten cartos a Xunta de Galicia e o Partido Popular, os gobernos do Partido Popular, eu xa sei que estas cousas non gustan, xa sei que estas cousas non gustan.

Sr. Guitián: ¿Non quedamos en que non ía a dar leccións? Por favor, por favor, estamos falando de persoas.

Sr. Araúxo: Pero se vostede mas pide, se vostede mas pide.

Sr. Guitián: Estamos a falar de persoas (...)

Sr. Alcalde: Pidan a palabra, pidan a palabra.

Sr. Araúxo: Teño eu a palabra, por favor, eu falo de política ¿de acordo? falo de política, non o citei a vostede a nivel persoal, eu non o fago nunca, non o fixen nunca, falo de política e pódolle adxectivos políticos, cousa que vostede na primeira intervención falou aquí cousas inexactas, nas que eu non vou a entrar, que non foron así, non se dixeron así e non lle puxo adxectivo político, eu sempre lle poño adxectivo político ¿de acordo? ou sexa que aínda (...)

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas, Sr. Gómez, ten a palabra vostede.

Sr. Gómez: Imos a ver, pois nos non opinamos igual, nos pensamos, o noso grupo pensa que todo o que sexa darlle posibilidades á participación, ao que son entidades e asociacións que iso que enriquece a política e ao Goberno. Nos imos a ver, aparte agora que se quere traer un Plan de participación cidadá e todo isto, isto si que ten, case ten que ver, pero imos a ver aquí non pide na moción esta que presenta o grupo CABE, non piden, nin obriga a ninguén, simplemente é facer partícipe, que presenten propostas, o que son as entidades veciñais ou como poden ser as entidades veciñais, as asociacións, pois ¿por qué non se lles vai a deixar que presenten propostas? Eu penso que isto, que enriquece totalmente a política, nos, o noso grupo está totalmente, totalmente de acordo con esta moción, sabemos que non vai a pasar, non me sorprende que o Goberno, claro, o Goberno... non é fácil, é práctico e non é práctica esta moción, sorpréndenme os compañeiros de en fronte, que son a oposición e que non voten a prol desta moción, pero iso é a opinión deles, por suposto, nos, o noso grupo por suposto que vai a votar a prol. Nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, non se lle está prohibindo a ninguén que faga achegas ou que presente propostas, a ninguén, obviamente o rexistro está aberto para todo o mundo, vostede pode presentalas, por certo, delle, dese présa que rematan, que vostede non presenta ningunha, e iso que é iniciativa por Gondomar ¿eh? presente que llas terei en conta pero verá como imos a atender as que temos que atender, o que pasa é que comprenderá que cando alguén goberna pois hai uns recursos e atendendo as características do concello e a problemática existente en con quen fala pois ten que distribuír os cartos, obviamente 600.000 euros, para investimentos, 700 entre dez parroquias non da para moito, ¿a vostede parécelle ben que eu lle faga caso a catro ou cinco asociacións e non llo faga á Comunidade de Montes



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

de Mañufe?, é unha delas, vostede é o presidente, claro, entón non vaia a ser que ao final invistamos noutras parroquias e ao final a parroquia de Mañufe que teña demandas que quedan sen cubrir, entón un goberno ten que ser, a ver, ten que gobernar, ten que mirar, ten que apostar, ten que implicarse e ten que asumir un risco, nos imos a facer unha serie de investimentos e melloras, por suposto, temos un modelo, temos un proxecto, temos un programa, presentámolo, entón eu sigo dicindo todos temos a posibilidade de ser un partido político, de presentarse ás eleccións, de gañalas, de ser alcalde, estamos nun plano de igualdade, non se pode pretender, iso é facer trampa, o que non se pode é vir desde fóra cunha moción e dicirlle, "non mire reparta vostede así" eu aquí ¿qué pasa?, que estamos a abrillo caixón coa chave e outros reparten, non, temos unha acción de Goberno, dennos a oportunidade vostedes de demostrar do que somos capaces e de como distribuimos os cartos dos veciños e despois aí estarán para dicir, esa obra non está ben, iso non facía falta, hai prioridades, e non só vostedes como grupo e como axentes canalizadores de demandas veciñais, tamén aí fóra van a estar os veciños, por suposto, pero eu paso, dedícome a iso, agora mesmo con dedicación exclusiva escoitando os problemas de Gondomar, polo tanto eu creo que sei e senón o sei e equivócome poranme fóra deste Goberno pero déixelle ao Goberno gobernar e a ver, hai cousas que non, que non pode, que me está chamando corto ou pídemme ou quere...¡ah! perdón, non, vale, vale, non perdón.


Sr. Gómez: Di vostede que o deixe gobernar, ¿non é así? E as asociacións e as entidades veciñais que lle fagan propostas tamén, ¿qué problema é ese?.

Sr. Alcalde: As asociacións e os veciños e as traídas de augas, de montes, que piden luz, e piden asfalto e piden saneamento, claro, ¿cómo non o van a facer?.

Sr. Gómez: E ¿por qué vota en contra da moción entón?, non quere que llas fagan.

Sr. Alcalde: Eu non quero que... me gusta que veña unha determinada, dúas outras ou catro asociacións, a facer un plan de onde hai que investir no Plan Concellos, isto está aberto, e para iso hai unha cousa que se chama Rexistro Xeral da Administración Pública, que é un sitio por onde se meten tódalas peticións, canalízanse e aténdense e distribúense os cartos, non só do Plan Concellos, senón do Plan Concellos, da Xunta, do Medio Rural, de todo o que entre, do Polígono Industrial, hai que gobernar, a acción de goberno correspóndenos a nós, eu entendo que s achegas e as suxestións que nos aporten, benvidas sexan, e que cometemos erros, moitísimo, pero non se pode vir cunha moción ou cunha proposta ao Pleno, vinculando, atando de mans a un goberno, hai que deixalo gobernar e xa verá vostede, que eu creo ademais que non o estamos a facer tan mal, créoo eu, ao mellor estou errado, pero hai que confiar Sr. Gómez. Pecha a moción o Sr. Pauliño, se quere, obviamente.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde, ben vemos que esta moción non vai a pasar, a maioría natural mantense, evidentemente a maioría natural mantense e esta moción non vai a pasar. Parece ser que nin o PSOE, nin Manifesto Miñor, nin o PP, en distintos graos e con matices están a prol de que os veciños e veciñas e as asociacións participen, eu estou bastante asombrado persoalmente neste Pleno, permítame esta disgresión que non sei nin a qué ven a conto pero escoitar aquí o que escoitei e que espero que estea gravado o que se dixo sobre a participacións dos veciños e veciñas de Gondomar na acción municipal paréceme, cando menos, tremendo. Nos estamos, en primeiro lugar, nos non somos voceiros de ninguén, somos voceiros de Gondomar Concello Aberto, Gondomar Concello Aberto agradecémoslle a intención dos dous grupos de Goberno que nos digan o que temos que facer, pero nos temos unha política e unha acción de goberno e unha filosofía e a imos a manter, cando estivemos no Goberno e agora que estamos fóra do Goberno, non é o momento de falar dese tema, é o



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

momento de falar da participación cidadá nos Plans Concellos que nin ata ao Goberno, nin impide accións estratéxicas, nin en verbas do Alcalde, eu peléxome a subvención e ti repártela, ao mellor eses son os termos nos que entende o Sr. Alcalde a acción de Goberno, nos entendémola acción de Goberna distinta de quen vende ou non vende unha cousa, nola entendemos cómo se é bo ou malo para o conxunto da veciñanza pero aquí parece que o mais importante non é se as cousas que se van a facer por este Goberno ou por calquera outro son boas ou malas para Gondomar, senón que parece que o importante é quén as vende. Ben, nos non estamos de acordo, nin esta moción ata ao Goberno, nin esta moción queda, restrinxo e aparta a ningunha entidade asociativa do Concello, está claríño aquí, está moi claríño, con calquera outra entidade veciñal que presente propostas e o único que lle di o Goberno é que consensúe cos veciños pero polo que escoitamos aquí, hai dous tipos de obras; as importantes, as estratéxicas e logo, as das parroquias xa se tal, veremos qué pasa, a verdade que non o sei, é, a opción desta moción é a participación veciñal e que vostedes no uso lexítimo da súa opción de Goberno e tendo iniciativa consensúen co resto da veciñanza e as propostas que van a facer e evidentemente unha vez consensuadas e unha vez faladas, evidentemente vostedes terán que dicir, ata aquí podemos chegar ou ata este lado non podemos chegar, etc, etc, pero dicir, negar a participación veciñal nas obras que se fan nos concellos, espero que garden ese regulamento de participación veciñal nun caixón porque se o que introduzan unha emenda sobre que os veciños e veciñas de Gondomar van poder participar sobre e segundo que cousas e noutras é acción exclusiva do Goberno, ao mellor deberían de deixalo ben claro, nos mantemos punto por punto a moción. Grazas Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: Moitas grazas.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado:
6 votos a favor: 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 7 votos en contra: 4 do Grupo Municipal PSOE e 3 do Grupo Municipal Manifesto Miñor; e 4 abstencións do Grupo Municipal Partido Popular, acorda non aprobar a Moción, relativa á Participación cidadá no Plan Concellos 2017. Obras nas parroquias.

6. Rogos e preguntas.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Sr. Guitián: Un ROGO, un rogo, xa llo preguntei o outro día na Comisión Informativa e hoxe reclámoo aquí como rogo, que pelexe, para que agora que estamos integrados no transporte metropolitano, Vigo se integre, primeira parte do rogo, Vigo se integre tamén, e segunda parte,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

que tódolos cidadáns metropolitanos teñan os mesmos dereitos, é dicir, co cidadán de Gondomar, o veciño de Gondomar, igual que calquera outro, teña dereito a collelo Vitrasa, o transporte urbano de Vigo, cos mesmos descontos co cidadán de Vigo, é dicir, se todos somos cidadáns metropolitanos que todos teñamos os mesmos dereitos, por suposto, se no interparroquial que se vai a facer en Gondomar, se é que se fai, ou no interparroquial que teñen en Mos ou en onde sexa, ese é o meu rogo, que pelexe porque sexa así, e todos sexamos cidadáns de primeira ou de segunda pero que todos sexamos iguais. Grazas.

Sr. Alcalde: Por suposto, Sr. Guitián, estou totalmente de acordo con vostede e creo que ademais, téño demostrado, temos que pelexar polo transporte, este é un primeiro paso e isto ten que avanzar moito dentro da área metropolitana. Eu sabe que o vou facer, moitos cren que sigo as directrices de Abel Caballero, outros saben que non lle fago moito caso nalgúns casos, cada un que pense o que queira, xa me coñecedes. ¿Mais rogos? ¿Ningún rogo? ¿Sra. Fernández? Ten cambiado...

Sra. Fernández: Boas tardes a todos e a todas, quero facerlle un ROGO ao Concelleiro de Medio Ambiente, creo que é o que leva as limpezas de fontes e lavadoiros ¿pode ser? Non, pois ao concelleiro que lle pertenza, que se arranxen e se limpen as fontes e lavadoiros, xa se pediu nalgún Pleno anterior e ao de seguridade, solicitar tamén pintar o paso de peóns no Colexio de Donas e os badéns, outro na urbanización Miñor que os coches que pasan a gran velocidade, que se solucione isto, que se revisen as sinais de tráfico en xeral, sobre todo controlar aquelas estradas onde pasan os camións de gran peso, que están esnaquizando as estradas, entón para que se sinalicen, e en Víncios tamén o tema dos pasos de peóns e sobre todo o paso de peóns en Brandufe, nas Regadas, que aí sería importante que atopasen unha solución polo problema que hai agora de cruzar dunha marquesiña a outra, sobre todo os nenos do colexio, iso tamén levouse a Pleno e creo que non se está a tomar en serio ata que un día, pois pase algo e despois botarémonos as mans á cabeza, ao mesmo tempo tamén, outro paso de peóns no Tumbio, que xa se lembrou tamén. En alumeado, para o Concelleiro, para Chamorro e tamén de camiños. Vou a empezar polo alumeado, o alumeado en Chaín, un arranxo, que deben, que deberían de pasar por alí a velo, entre A Seara e San Roque, hai dous puntos de luz que non funcionan, tamén en Paraboa, tamén rogámoslle que poñan un punto de luz, moi importante, onde está a empresa de formigóns subindo hai unha marquesiña, pois subindo, subindo ou baixando, cando paran os autobuses alí, non se ve nada, ou sexa que pasa un coche e calquera día vai a haber un accidente e aí non hai punto de luz e sería importante que se solucionase iso canto antes, outro punto de luz, tamén importante no campo de fútbol de Víncios,

Sr. Alcalde: Sra. Fernández, eu pediríalle, eu acéptolle eses rogos por suposto, pero xa que son tantos e que hai cousas tan concretas, como os detalles para localizalos, eu pediríalle se podería vostede presentar iso por escrito, para ter mais exactitude.

Sra. Fernández: Non creo, eu preséntoo aquí.

Sr. Alcalde: Bueno, vale.

Sra. Fernández: Porque en rexistro, como sempre funciona de marabilla, e aínda así aquí, tamén daquela maneira,

Sr. Alcalde: Vale, pois siga vostede, siga, non se preocupe.

Sra. Fernández: Si, si, que tomen nota e despois terán que facer o seu traballo e as xestións, que para iso é o seu traballo, e no campo de Víncios tamén, na subida pola pista que vai cara o campo, alí non hai luz ningunha, sería tamén importante que puxeran un punto de luz.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Tema marquesiña de Couso, parece ser que non as colocaron aínda, están solicitadas, hai unha moción presentada, entón gustaríame saber que está pasando coas marquesiñas, as dúas marquesiñas que se pediron e a última contestación foi que estaban agardando un orzamento, non sabemos cando chegarán ¿cando remate o cole?

Sr. Alcalde: ¿Iso é unha pregunta?

Sra. Fernández: Si, agora é unha **PREGUNTA**, e bueno, ningunha mais. Grazas.

Sr. Alcalde: Vale, voulle contestar aquí o das sinais, control, pasos elevados, estamos en elo, e xa verá que van a quedar ben, e sobre os pasos de peóns de Víncios, vólvollo a dicir, é unha competencia da Xunta de Galicia, non podemos poñer pasos elevados na estrada, na PO 331, non podemos poñer pasos, non, iso depende deles, agarde, déixeme acabar, despois xa llo digo, igual que no Tumbio, eses tramos non son competencia nosa, nos non podemos ir aí a poñer un paso de peóns, nin elevado nin sen ser elevado, e xa hai un informe, xa lle fixemos peticións, xa creo que lle trasladamos ademais ou lle demos acceso ao expediente, hai un informe da Xunta, de Estradas, onde di que polo tráfico que ten esa estrada, que non van a colocar pasos de peóns, eu volvo a pedirlo, non hai problema, volvo a dirixirme á xunta as veces que queiran, pero so quero que lle quede unha cousa clara, que non é cousa do Concello, non temos esa competencia para poder facelo, se hai que volver a pedir, pídesse as veces que sexan, pero non depende de nos, igual que algún tipo de sinalización deses tramos, hai competencias que son da Xunta, outras son da Deputación e as outras vías son nosas.

Sobre a Urbanización estamos xa a punto de rematar un estudo de velocidade, estacionamentos e demais nesa zona para habilitar unha zona 30, e está consensuada cos veciños, estamos a traballar practicamente neso, está listo, podo dicirlle que en breve, só falta consensuar algunhas cousas e poñelo en marcha.

Sobre a marquesiña, tamén vanse a poñer xa, xa llo contestei onte e a unha das peticionarias a través do facebook ás dúas e media da mañá de que se ía a poñer. Si, diga, ten vostede a palabra. Nada. ¿Mais preguntas?

PREGUNTAS:

Sr. Pauliño: Si, dúas moi breves, a primeira é se hai contestación da Xunta de Galicia no tema da PO 331 de Víncios, que se presentou aquí unha moción para que se adecuara ese paso de peóns a través dun tratamento semaforico, non lle puxemos ningunha, non lle trasladamos ningunha solución técnica, simplemente que ese paso de peóns concreto era perigoso e pedía facerse por parte da Xunta un estudo técnico para ver que medida de seguridade sería a axeitada para facelo, gustaríanos saber si...

Sr. Alcalde: ¿Perdón Pauliño, qué paso de peóns, que non...?

Sr. Pauliño: O de Víncios, na estrada de Víncios.

Sr. Alcalde: ¿Onde está a ferraxería?

Sr. Pauliño: Correcto, aí hai dúas marquesiñas, unha agora case en fronte da outra, parada de autobuses, parada de veciños e está ao final dunha recta de sentido de baixada onde os coches simplemente por inercia collen moitísima velocidade, o paso, as chepas esas que se poñen polo volume diario de vehículos non se poden implementar, entón hai que buscar lle algún tipo de solución, aquí aprobouse unha moción no sentido de advertirlle á administración autonómica do perigo dese paso de peóns e que lle dera a solución mais acaída aos termos



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

técnicos que eles decidiran. Gustaríanos saber se houbo algún tipo de contestación por parte da Xunta e tamén gustaríanos saber se houbo algún tipo de contestación ou supoño que si se lle deu traslado ao tema da canalización das augas pluviais arriba en Vilaza. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas. Contéstolle brevemente. Hai un informe sobre isto, dos pasos de peóns da PO 331, onde din que non poden poñer pasos elevados polo tráfico, que pasan mais de 8.000 vehículos e demais, mandóuselle a moción e pediuse que se fixera un estudo semaforico de todo iso. De principio o que nos achegan é que vai a ser difícil que se faga, pero que está en estudo, non hai contestación por escrito diso, agora mesmo, non.

Sobre os pasos de peóns, tamén se lles fixo unha petición, adianto, para poñer un paso de peóns onde está o cuartel da Garda Civil desde a rotonda ata a estrada de Vincios, onde está aquela fonte, alí que non hai maneira de cruzar, está pedido e quedaron en contestar, porque dependendo de se iso é casco urbano ou non van a autorizalo ou non. Aí onde está a Garda Civil, e mesmo hai un paso de peóns que se lles mandou retirar ou trasladar porque é perigoso, que é o paso de peóns este que está pasando a rotonda cara a feira na entrada do Bravo, que xa deu mais dalgún susto, eu estiven alí persoalmente co enxeñeiro de estradas mirando iso para tomar medidas, e tamén se lles pediu para o casco urbano para onde está a parada de taxis, na praza do Concello, pola Panadería Penisco, porque ese tramo é deles, de titularidade da Xunta de Galicia, e tamén nos din que non, que de principio que aí non se poden poñer polo número de vehículos que circulan e nalgunhas cousas chegouse a acordo con eles como o pintar e sinalizar diante do Froiz e demais, outras cousas están pedidas pero cando chegamos a autoestradas, perdón a autoestradas, a estradas da titularidade da Xunta, pois non nos queda outra que acatar o que nos din e pelexalo, niso estamos. ¿Algunha pregunta mais? Perdoe Sra. Fernández, imos a seguir e despois pasa ao final.

¿Sr. Josué? Villar, Perdón.

Sr. Villar: Fai dous Plenos preguntei sobre os restos de poda ¿qué tiña pensado facer o Goberno xa que nas diferentes parroquias acumúlanse a carón dos colectores, restos de poda xa fai mais de seis meses posiblemente nalgúns casos, nalgún caso seguro? E contestáronme que os retirarían pero iso segue así, vai a peor, polo tanto reitero o meu ROGO que por favor, xa que a empresa corrixiu pois que se insista neste tema, que se recollan os restos de poda situados a carón dos colectores nas diferentes partes, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, sobre esta cuestión ten razón é un problema que ten Gondomar, cos restos de podas e de cascallos e o traballo que temos, que da a casualidade que aí temos ademais un operario de Geseco ¿non? o concelleiro que sabe de sobra cal é o problema e o que se leva traballado nese sentido. Moitas veces non da avío a empresa a retirar cascallos e moitas veces tamén, o que nos supón, porque hai que pagar iso en Sogama, etc. Ten que ver tamén coa implantación da nova ordenanza municipal de Convivencia e Medio Ambiente que queremos aprobar, que si que vai a ter influencia, porque polo menos ten un procedemento sancionador para poder evitar este tipo de accións e estamos retirando constantemente pois maleza e demais, pois mire, por poñerlle un exemplo, non llo digo con ironía, estes días acabamos de pasarlle á empresa para que retirara todos os cascallos que hai aí onde vive vostede, porque xa se amontoa esaxeradamente aí, e vano a retirar, e como iso todo pero non hai maneira de, están constantemente retirando, créame, iso...

Sr. Villar: Alcalde, pódolle asegurar que levan meses sen pasar ninguén a retirar nada, dos restos de poda a carón dos colectores, por iso reitérolle o rogo e insístolle con esta cuestión.

Sr. Alcalde: Eu tomo nota dese rogo, que son consciente, pero tamén lle digo que se leva feito niso, moito, moito. Si, ¿Sra. Varela?



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sra. Varela: Grazas, teño dúas preguntas, unha é sobre a Rúa Emigrante e gustaríame saber se é certo que ten previsto empedrar esa rúa, e se é certo ¿por qué non se fixo toda a obra xunta, e qué prazos ten e se hai previstas medidas compensatorias para os comercios afectados e que se vai facer co transporte público, se imos a seguir coa mesma situación? A outra pregunta é sobre, bueno, hoxe saíu na prensa unha noticia sobre a Valedora do Pobo que lembraba ás entidades locais a necesaria autorización para instalación e uso de cámaras de vídeo-vixilancia, gustaríame saber se no caso do Concello de Gondomar se dispón desta autorización. Grazas.

Sr. Alcalde: Ben, a ver se lle contesto, porque ían varias preguntas en unha. Rúa Emigrante, non sei se lle vou contestar ou non, quero dicir, voulle dicir brevemente como está a situación. Rematamos as obras este martes pola mañá, recepcionáronse as mesmas, está todo ben, hai como saben dous proxectos, unha fase 1, unha fase 2, esta última que rematou é a fase 2, aí fíxose unha mellora que non estaba contemplada de saneamento e pluviais e demais do proxecto, non estaba previsto no proxecto o empedrado desa rúa, só estaban as beirarrúas, á calzada non se lle tocaba, si que se vai a regularizar agora a calzada cunha pequena capa de asfalto para regularizar os pasos de peóns da fase 1 e para tapar todas as fochancas dentro do posible para que non sexa unha vía intransitable, que quede ben, pero non estaba previsto o empedrado, a previsión do empedrado é unha petición do arquitecto municipal que quere empedrar esa rúa, de feito no seu momento púxonos certos impedimentos porque a quería empedrar, fixera unha valoración e ao final esa rúa eran aproximadamente 100.000 euros, e si, pode ser que dentro desa arbitrariedade que ten o Goberno para o reparto de investimentos, ao mellor se empedre esta rúa e se gasten 107.000 euros ou ao mellor non e se invista nas parroquias, en saneamento, en asfalto ou en estradas que están peor, por iso volvemos ao de antes, á necesidade de que moitas veces os gobernos, gobernen. Mesmo hai certas persoas, moitas que nos din e nos piden que non a empedremos, polo tema de contaminación acústica que ten o empedrado, hai sentencias ademais ao respecto onde xa están obrigando aos concellos a levantar o empedrado, como en Vigo, polo tanto eu creo, sei que hai un certo compromiso de dicilo aquí, obviamente, pero creo que hai outras prioridades en Gondomar, agora mesmo que empedrar a Rúa Emigrante e gastar aí mais de 100.000 euros, creo que hai outras prioridades. Si vai a haber medidas compensatorias aos establecementos, primeiro, non hai ningún tipo de petición ao respecto, que nos esixan ou nos reclamen ou que nos pidan algunha indemnización polos danos e prexuízos que puidera ocasionarlle a rúa, eu non teño constancia á data de hoxe que haxa sido así, se as hai, obviamente estudáranse, pero eu creo que todas as rúas que se humanizan e todas as rúas que ao final se levantan para meter saneamento, viarios e demais, é certo que si, que sempre sofren os comerciantes eses meses algún trastorno, pensemos...non quero poñer exemplos, porque hai miles ¿non? entón, non o sei, se desde logo fan esa petición, haberá que estudala e atendela, por suposto, pero non hai ningunha que eu teña constancia ¿non?, así de oficio. Se me pregunta se vai o concello a compensalos economicamente polos danos e prexuízos sen mais, eu diríalle que non, nos imos a quedarnos quietos, se eles inician algún tipo de acción, estudarémola desde o punto de vista legal, se procede, haberá que facer o que haxa que facer, se procede legalmente, pero eu creo que temos que ser conscientes de que cando se humaniza unha rúa, obviamente, hai algún prexuízo para terceiros, non queda outra, é que as obras hai que facelas, non sei.

A situación do bus está normalizada, agora o bus pasa pola Rúa Emigrante, como pasaba antes, está normalizada.

E preguntábame sobre a Valedora do Pobo, que aí non lle entendín moi ben o que me dicía



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sra. Varela: Lle dicía que hoxe saíu na prensa unha noticia de que a Valedora do Pobo lembraba ás entidades locais que para instalación e uso de cámaras de vídeo-vixilancia, necesitábase unha autorización. Eu o que preguntaba era si Gondomar dispón desa autorización. Grazas.

Sr. Alcalde: Que a Valedora que advertía, si, si, obviamente iso é lei, a Valedora está ben que o faga como Valedora, pero si, Gondomar conta con todos os permisos e cunha empresa homologada, cunha empresa de protección de datos, como ben sabe, implantada, cun responsable de OLPD agora mesmo, que é un funcionario, de tódolos xeitos eu non llo podo dicir, eu creo que está na man dos técnicos, que está todo ben, de tódalas formas, se quere acceder aos expedientes, mirar toda a documentación, pase por Secretaría e non vai a haber ningún problema para facilitarillo, se ese é o problema e a preocupación, aí está á súa disposición como se fose a súa casa.

Sra. Varela: Quería facer unha puntualización, que eu non estaba solicitando que se empedrase a rúa, simplemente estaba preguntando se se tiña previsto facelo ou non, e unha cousa que non entendín, é ¿por qué se recepcionou a obra sen regularizala, entón?

Sr. Alcalde: Non, a obra está recepcionada porque está rematada, o proxecto non era para o asfaltado da rúa, o proxecto en si, consistía en facer novas beirarrúas nese tramo, non o asfaltado, agora, se como froito das obras ou o que sexa, ao estar traballando prodúcese unha focha na calzada, digo eu que haberá que arranxalo agora ¿non?, que non é o caso de fochas, fállolle de que imos deixar o firme mellor do que está, regularizalo firme mellor do que está, ¿qué é o que non entende, a ver? Porque é que...

Sr. Varela: Bueno, non, pedirei o expediente e falaremos disto cando...

Sr. Alcalde: Pida o que queira, o expediente, non fai falta que o pida, veña mañá por alí que xa llo dou eu. Vale, pois pídao, así agarda cinco días. Se non hai mais... Sra. Fernández.

Sra. Fernández: Faltábanme dúas preguntas, o Camiño de Brea en Chaín, a limpeza e acondicionamento que desde outubro está pendente do departamento de obras, quería saber cándo van a pasar, e despois tamén un ROGO, na praza de abastos no aparcadoiro sería importante que pasasen a velo e acondicionalo de forma que os coches que estean alí querendo aparcar, hai fochancas, pero enormes, entón buscarlle unha solución, nada mais, grazas.

Sr. Alcalde: O do camiño, non llo podo dicir, cal é o motivo de que non se fixera, nin se está feito ou non, o sobre o aparcadoiro xa o sabemos, sabe que non é municipal ese sitio, ¿verdade?

E non habendo máis temas que tratar, ás 22:00 horas do día 02.02.17, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presente acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.